

XANEIRO-FEBREIRO 2022

Revista Galega de Información Literaria - Ano 19 N.º 114

PVP 3 €

O aumento de vendas no 2021 anima a produción editorial no arranque de ano

David Pintor celebra con Biblos o seu trinta aniversario como debuxante profesional

Biblos

CLUBE DE LECTORES



Mellora na interpretación

Coa *cousa* pública que definiron os clásicos entregada aos propagandistas, e moi afastada da visión que nos ofrecía a esencia do xornalismo independente doutros tempos, contemplamos o día a día con tan abraiante disparidade (e, ás veces, con tan enconadas posicións) que a súa interpretación depende enteiramente das nosas circunstancias (formación, idade, sexo, condición social, económica ou estado civil, crenzas relixiosas, club ou deportista predilecto, partido político...). Percibimos un entorno satisfactorio e positivo se cremos as mensaxes do goberno ou caemos na depresión e fiamos todo a un futuro nas mans doutros dirixentes se as que nos gorenta escoitar son as que tece a oposición. Visións todas que non pasan dos cristais que nos poñen nos lentes –verdes, rosas ou negros, totalmente opacos– e que con toda seguridade nos ocultan unha realidade cada vez máis incontrolable. Porque de nada nos vai valer que gocemos dunha vida farturenta se calquera circunstancia –accidente ou atentado– corta o canal de Suez ou o de Panamá, se un capricho atmosférico conxela ou fai arder medio mundo, se unha tolicie calquera desencadea unha guerra onde non convén á economía ou se un volcán ou un meteorito toldan o ceo de cinzas e radioactividade e nos deixan ás escuras. Calquera cousiña fai caer os máis adiñeirados e a nós amósanos que podemos quedar sen traballo, sen proteccións sociais ou sen calquera outra cousa que tiñamos por permanente. E que nos queda ante tan poucas certezas? Só a dúbida e a desconfianza. Presumir que é imposible que ninguén controle todos os datos e considerar sempre seriamente a posibilidade de estarmos equivocados para poder mudar de postura sen traumas. Por iso, e chego a unha conclusión moitas veces repetida aquí, é tan importante a nosa formación. E, polas mesmas, tan esperanzador que no ano que rematou se producise en España un aumento na venda de libros que se anticipa do entorno do 20 por cento.

Carmela González
Directora



Biblos
CLUBE DE LECTORES

Biblos Clube de Lectores, S. L.

Quintá N.º 8 - Mandaio
15391 Cesuras - A Coruña

Teléfono: 981 777 207 Fax: 981 790 039

www.biblosclube.com

email: subscritores@biblosclube.com


Depósito Legal: C 285-03
ISSN: 1697-7440

A Portada

Celebrar trinta anos de profesión cunha nena lendo un libro e viaxando cun globo parécese perfecto, porque é un pouco así como me sinto cando ilustro para os máis cativos, como un viaxeiro que se deixa levar polos ventos da intuición. Longa vida aos libros ilustrados.



Coa mesma naturalidade coa que a tinta descende da pluma para impregnar o papel, David Pintor pasou de humorista gráfico de medios escritos, a secas, a converterse en autor dos textos e ilustracións dos seus propios libros. Caricaturista, pintor, artista polifacético e multipremiado, leva 30 anos mergullado no universo gráfico. Unha ollada á súa traxectoria revela unha intensa actividade arredor dunha mancha de editoras de diferentes países e, talvez, unha especial querenza polo mundo da infancia. Neste ano que vimos de estrear sairá do prelo a edición en galego de *Teño impo* (La Guarida Ediciones), un libro publicado en Portugal a finais de 2021 (*Estou com soluços!*, Tcharan Editora) e antes en Corea.



David Pintor cumple treinta anos co

“Nestes últimos anos quixen t
pai contador de contos ao me

—Dirixido a primeiros lectores, *Teño impo!* narra a historia dun gato que precisa axuda para curar uns imprevistos saloucos. Que reto lle resulta máis difícil: resumir na viñeta dun xornal o asunto principal da actualidade mundial ou gañarse a atención dos miúdos para que gocen da lectura?

—De igual maneira que aos nenos pequenos hai que educalos na comida, intentar que coman alimentos sans e que vaian adquirindo unha dieta alimenticia boa para o seu corpo, hai tamén que intentar alimentar a súa mente con libros atractivos e imaxes de calidade. No meu caso, intento que as miñas ilustracións lles abran portas a novos mundos, e ensinarlles a maxia do debuxo.

—En 1992 comeza a traballar co guionista Carlos López baixo o pseudónimo de Pinto & Chinto e ao pouco tempo pasan a ser un referente do humor político na prensa. Que o levou a dar o paso dende o humor gráfico ata converterse en autor-ilustrador?

—A curiosidade. A min gústame debuxar dende que era moi cativo. Cando empecei a traballar profesionalmente foi no humor gráfico e a caricatura, principalmente porque coñecín a Siro, quen viu en min unha grande facilidade para caricaturizar á xente. O que pasou foi que, anos despois, fun descubrindo que a de debuxante era unha profesión con multitude de aplicacións que a facía moi atractiva, e que me permitía estar nun permanente estado de aprendizaxe. O último paso, o de converterme en autor dos meus propios libros foi algo natural, que xurdiu dunha necesida-

de de sentirme libre á hora de que o meu debuxo contase unha historia.

—Botando unha ollada ás súas ilustracións, calquera diría que non lle custa nada dar o salto da realidade a mundos imaxinados.

—Unha das cousas máis divertidas e asombrosas da pintura é a posibilidade de inventar mundos imaxinarios nos que vivir. Ter a posibilidade de que nunha folla en branco aparezan personaxes imaxinarios, mundos fantásticos e sucesos asombrosos é algo que segue facendo que eu estea nun continuo estado de namoramento coa miña profesión.

—Publicou en Francia, Corea, Italia, Portugal, Brasil... A súa biografía lembra a torre de Babel. Foi cousa do azar ou é que vostede é un mago das relacións internacionais?

—Desde logo non me considero ningún mago das relacións internacionais, máis ben ó contrario, foi o meu traballo que sempre falou por min. Cando alá polo ano 2000 quixen empezar a construír unha carreira como ilustrador de LIX, pensei que o máis natural era aproveitar que había en Galicia un mercado editorial propio. Facíame moita ilusión traballar dende unha estrutura editorial próxima a min como era a galega. Desafortunadamente deime de conta que o ambiente editorial galego era, en ocasións, moi sectario, moi pouco respectuoso cos autores profesionais e que isto estaba provocando que moitos ilustradores profesionais tiveramos que buscar o noso futuro fóra de aquí. É un fenómeno cultural moi triste do que non se fala, e



Foto: Uxía Pérez

como debuxante profesional

“Trasladar a miña experiencia como
meu traballo como ilustrador”

Títulos escritos e
ilustrados por David
Pintor

A miña árbore secreta

La Guarida Cartonado
25 × 25 cm 40 páxinas
ISBN: 978-84-121906-3-2
15,90 €

En castelán:

Mi árbol secreto

ISBN: 978-84-121906-2-5

Estou com Soluços!

Tcharan Cartonado
16 × 16 cm 24 páxinas
ISBN: 9789898743107
12,90 €

La gran aventura de Nara

Degomagom Cartonado
20,5 × 29 cm 84 páxinas
ISBN: 978-84-09-32500-9
18,05 €

El primer diccionario de Nara

Degomagom Cartonado
14 × 16 cm 236 páxinas
ISBN: 978-84-09-11516-7
18,05 €

Compostela

Kalandraka Cartonado
24,5 × 16,5 cm 64 páxinas
ISBN: 978-84-8464-751-5
15 €

Barcelona

Kalandraka Cartonado
24,5 × 16,5 cm 64 páxinas

En castelán:

Barcelona

ISBN: 978-84-8464-956-4
15 €

A Coruña

Kalandraka Cartonado
24,5 × 16,5 cm 64 páxinas
ISBN: 978-84-1343-087-4
15 €

infantil. Estar con ela inspírame moito, axúdame a ver as cousas con outros ollos e dáme moita enerxía para tentar contar as miñas propias historias. Foi a razón que fixo que decidise enfocar os meus esforzos a ser o autor dos meus propios libros. Eu non o vexo como un proceso de levar o privado ao público senón dunha oportunidade de falar das cousas que en cada momento máis me interesan. Neste sentido, teño que dicir que foi unha sorte atopar unha pequena editora como a valenciana Degomagom, cun editor valente e que sabe de ilustración, para que estes dous libros viran a luz. Sinto que parte dos meus esforzos no futuro teñen que ir enfocados a buscar este tipo de editoriais.

—Para *A miña árbore secreta* (La Guarida Ediciones) seica se inspirou nos paseos coa súa filla preto dun lugar onde medra un salgueiro e ambos xogan e contan historias. Que pode dicir a nais e pais que comparten a lectura cos seus pequenos?

—A *miña árbore secreta* é un libro moi especial para min onde por primeira vez me atrevo a facer o texto e os debuxos. É un álbum ilustrado moi ambicioso onde quixen falar de moitas cousas: da amizade, do amor, da memoria, da natureza, da fantasía, do medo, da soidade... tomando como referencia unha árbore e o mundo que xira ao seu redor.

Nestes últimos anos quixen trasladar a miña experiencia como pai contador de contos ao meu traballo como ilustrador. Ese momento de lectura compartida do que falas é para min algo máxico e a miña intención é que os meus libros infantís

sexan útiles nese momento especial, que sexan unha ferramenta para que ese encontro sexa unha experiencia fantástica.

—O sentido lúdico non só está presente nas obras que escribe para público infantil, senón tamén nas dirixidas a adultos e ata mesmo nos libros de viaxes nos que adoito fai algunha que outra brincadeira. Gaña sempre o neno que leva dentro?

—Gaña sempre. Empecei a debuxar cando era un neno, cando o debuxo era simplemente diversión. Logo empezou a ser máis cousas: unha maneira de expresarme, de evadirme, de comprender o mundo que me rodea, e tamén unha forma de gañarme a vida. Pero agora, vendo debuxar á miña filla, apétéceme recuperar esa fantástica espontaneidade que todos tiñamos cando eramos pequenos.

—É vostede dos que debuxan todo o día e enriba de calquera cousa?

—Debuxo moito, pero sobre todo, teño a mirada moi atenta ás cousas que me rodean. Moitas das miñas ilustracións nacen dunha viaxe, dunha visita a unha exposición, dun libro, dunha película... Son estas experiencias as que me inspiran, as que cambian a miña maneira de debuxar, e, en definitiva, me manteñen vivo artisticamente. De tódolos xeitos, inda que o debuxo é unha parte importante da miña vida, tanto a nivel profesional como persoal, teño claro que non é o único. Un exemplo disto é que, cando estou de vacacións, intento desconectar o máximo posible e non coller un lapis en ningún momento. Isto permíteme descansar e retomar despois a miña actividade con máis forza.



que nalgún momento necesitaría de explicación de cara a construír un futuro editorial galego mellor.

A miña primeira selección na Feira internacional de Bolonia no 2007 foi a oportunidade de acceder a proxectos moi interesantes a nivel internacional e de construír unha carreira na que eu puidese gozar como debuxante. Esta ampliación do meu mercado de clientes posibilitou que neste momento teña unha grande liberdade á hora de elixir proxectos nos que cimentar a miña carreira como ilustrador.

—En 2019 publicou *El primer diccionario de Nara*, un libro no que ilustra termos utilizados pola súa filla, ao que seguiu *La gran aventura de Nara*. Mais non daba vostede a impresión de ser un autor capaz de levar ao público a súa vida privada.

—O nacemento da miña filla supuxo un cambio na miña carreira como ilustrador



VV. AA.

O libro da música

As notas musicais son sete. Escollemos ese número para reunir un mollo de autoras e autores da nosa literatura para que investiguen sobre ela. Porque hai música en todas as culturas do mundo, como hai literatura en todas as culturas do mundo. Cada unha e cada un destes intérpretes, sinfonían palabras para compoñer un pentagrama onde o ritmo está nelas. Hai explosións finais. Hai tempos medios. Hai acordes e incluso disonancias. Está a vida por aí. Musicada. Son: An Alfaya, Beatriz Maceda, Fernando Fernández Rego, Lois Alcayde Dans, Raquel Castro, Santiago Lopo e Tamara Andrés.


Galaxia Rústica 13,5 x 21 140 páxinas

ISBN: 978-84-9151-756-6

15 €

Xosé Monteagudo

Xosé Monteagudo (Moraña, 1965) obtivo o premio Blanco Amor en 2002 coa súa primeira novela, *As voces da noticia*. En 2006 publicou *Esta historia*. Coa súa terceira novela, *Un tipo listo*, conseguiu o premio García Barros en 2009 e foi finalista do Frei Martín Sarmiento en 2011. En 2012 lanzou *O curioso mundo das persoas normais*. En 2016 publicou *Todo canto fomos*, coa que obtivo o premio á mellor obra narrativa na Gala do Libro Galego e máis o premio San Clemente.

PREMIO DE NARRATIVA
BREVE REPSOL 2021

Eternity

O título alude ao lugar en Internet onde a memoria virtual das persoas se ha conservar perenne e indeleble, tal



e como a lembranza dos seus achegados, grazas ao proxecto que pon en marcha Dalmao, mozo licenciado universitario. A el únense Larisa, Daniel e Héitor. En total, catro enxeñeiros informáticos que precisan de alguén máis que domine varias linguas e saiba redactar. E esa persoa é a protagonista da novela, quen non sospeita que a historia das vidas dos demais vai levala a descubrir as orixes da súa propia e agochada historia. Cun estilo directo ao servizo da intriga e cun formato breve como corresponde ao premio de narrativa Repsol que gañou na súa edición do 2021, Xosé Monteagudo fai confluír o eterno desexo humano de transcendencia co presente dixital máis anovador e con-

vidanos a reflexionar sobre o futuro dunha sociedade que aspira á permanencia concibíndose como un inmenso arquivo dixital.

Galaxia Rústica 13,5 x 21 200 páxinas

ISBN: 978-84-9151-769-6

15,50 €




Leticia Costas Golpes de luz

Xulia é xornalista e acaba de separarse, polo que regresa a Galicia co seu fillo Sebas. O rapaz ten dez anos e está convencido de que a avoa Luz é o deus Thor porque nunca se separa do seu martelo. Malia que agoche polvoróns nas medias, beba Sansón ata ver dobre e diga mentiras sen parar, Sebas adora a súa avoa. Xulia non opina o mesmo. Para ela, volver á casa familiar supón enfrontarse a un pasado cheo de segredos que precisa desvelar. O narcotráfico na Galicia dos anos noventa, o mundo dos coidados e a procura da verdade envolven este melodrama, salvaxe e tenro.

Xerais Rústica
15,5 x 23 304 páxinas

ISBN: 978-84-1110-036-6

17,57 €



Miguel Anxo Mato Fondo Sisley no xuncal da trave

Libro delicadísimo onde a vida do escritor nado en Ponteceso se mestura coa paisaxe e coa vivencia artística. Poderíase dicir que son páxinas de prosa poética, mais trátase de moito máis. Poesía, pintura, música, memoria.

Medulia Rústica
14 x 21 cm 134 páxinas

ISBN: 978-84-124173-8-8

14,90 €




Xoaquín Fernández Leiceaga Baixo as alas de abril

Tras o atentado contra un cuartel da Garda Civil en 1989, o comisario Miguel Santos, coñecido por afastarse dos métodos franquistas, ocúpase da investigación. A detención do grupo independentista autor do feito é obxectivo prioritario do goberno español. As implicacións políticas para a democracia axiña se han engadir as consecuencias na vida dos militantes do grupo armado e dos seus achegados. Persecucións, interrogatorios, vidas demoucadas: a trama penetra no ambiente sindical e estudantil compostelán para deixar á vista a cicatriz perenne da liberdade.

Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 460 páxinas

ISBN: 978-84-9151-717-7

22,23 €



José Mondeolo Soamente unha vez

Unha cadela que acompaña a dous cazadores descobre no monte o cadáver dunha muller desaparecida. O feito obriga o singular inspector Paiana a centrarse no caso. Axíña aparecen algúns sospeitosos. Pero ao contrario do que acostuma a suceder neste tipo de relatos, nesta novela o asasinato non o invade todo, senón que queda inserido no traballo habitual e cotián dos funcionarios. Os policías continúan a falar das súas cousas, chancean mentres agardan a chegada da xuíza e o inspector da científica intercambia receitas de cocíña coa forense ao tempo que ela examina o cadáver.

Xerais Rústica
15,5 x 23 cm 336 páxinas

ISBN: 978-84-1110-035-9

18,05 €

Alberto Lema


Alberto Lema (Bamiro, Vimianzo, 1975) é autor dos poemarios *Plan de fuga* (2008) e *Crónica do chan* (2014). En narrativa, publicou a novela breve *Unha puta percorre Europa* (2008), *Sidecar* (2009) e *Da máquina* (2012). Entre 2015 e 2019 foi concelleiro de Emprego, Turismo, Promoción Económica e Mercados no concello da Coruña.



Pazo de inverno

Na cidade norteña de Galicia chamada Faro, Helena, a nova alcaldesa, a quen lle abonda un aceso para transmitir a vontade toda da transformación social, non lle chega con obter a maioría nunhas eleccións. Cómpre introducirse nas engrenaxes da administración; tratar con xornalistas coma Miranda, tan escéptico como para ser cínico, e manter a raia empresarios que levan toda a vida mandando, como Cosme Durán. Tampouco é suficiente inverter o protocolo patriarcal nin manter os compañeiros afastados da doenza infantil do esquerdismo. Cómpre gorentar o fracaso para ter a certeza de que a grandeza das ilusións nunca se perde. Estamos ante o mapa dunha paisaxe social, das arelas, conflitos e intereses dunha cidade.

Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 272 páxinas
ISBN: 978-84-9151-768-9
18,05 €




Xavier Queipo



Final Feliz

Colección de relatos en carne viva. Un mando de historias para espertar conciencia ou establecer a ponte entre o real e o imaxinario, entre o que non se conta e o que agroma do subconsciente. A través delas sentimos o voo dos estorninhos nun ceo de Istanbul envurullado en murmurios do Oriente; abrimos o armario encaixado na súa coiraza de pedra para deixar fuxir os fantasmas sexuais en gloriosa promenade; vemos medrar a hedra do tempo no medio dunha gran nevarada en Viena; notamos o vaivén das ondas nos afastados mares de Terranova. O autor preséntanos historias impregnadas de sensacións oníricas que conforman un novo elo no seu universo literario.

Xerais Rústica
15,5 x 23 cm 128 páxinas
ISBN: 978-84-1110-050-2
16,10 €



Xosé Ricardo Losada O rosario e a buguina

Enfermo de tuberculose, o poeta Manoel Antonio pasa os últimos días de vida na súa casa de Asados, coa única compañía da nai, dona Pura. A morte preséntase cedo e con ela o conflito de recibir a extrema unción, que é o desexo da nai, pero que o fillo rexeita. El tamén ten unha petición: que dona Pura consinta que lle lea o primeiro e o derradeiro poema de *De catro a catro*, estrofa a estrofa, para que el poida explicarlle, con ese libro, o sentido último da súa vida e a necesidade obsesiva de ser poeta. O argumento novela a relación entre eles, baseada ata entón nos silencios e nas carencias afectivas.


Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 160 páxinas
ISBN: 978-84-9151-728-3
15 €



Óscar Senra Gómez 1928 km

Ao estilo de un roadmovie, acompañamos Elisa e Amália de Vedra até Bruxelas. Uma viagem de ida e volta que supom o retorno das protagonistas de *Sete días com Elisa*. "Elisa suspira e fecha os olhos com força dous segundos ao mesmo tempo que aperta o volante com todas as suas forças. Deseja desesperadamente um cigarro, mas não quer desperdiçar nem uma pinga de gasolina parando o carro. Levanta um pouco o pé do acelerador e baixa até aos 50 km/h. Agripina desliza suave pola estrada sem esforço, e Elisa segue o seu exemplo, deixa fluir as palavras, sem saber onde a levarán."


Através Capa mole
13 x 21 cm 146 páxinas
ISBN: 978-84-16545-60-5
13 €



Tito Pérez Pérez O grupo

Novela curta onde os personaxes acaban por conformar o entorno urbano do que eles mesmos participan. O modo de falar, a pandilla, os lugares ós que adoitan ir. Todo queda reflexado nestas páxinas que poderían ter protagonizado calquera grupo de rapaces.


Medulia Rústica
14 x 21 cm 138 páxinas
ISBN: 978-84-124173-4-0
14,90 €



Miguel Tallón Pessoa e a súa sombra

Podería ser certo que un dos poetas sagrados da cultura europea contemporánea tivese sido un impostor? Fernando Pessoa, sen dúbida entre a media ducia de poetas que deixaron a marca máis fonda no século XX, fixo coñecidos ós que el chamaba os seus heterónimos: Alberto Caeiro, Ricardo Reis, Álvaro de Campos, os tres principais entre outros moitos; personalidades imaxinadas ás que atribuíu a autoría dunha parte importante da súa obra.

Toxosoutos Rústica
15 x 21 cm 214 páxinas
ISBN: 978-84-123922-8-9
13 €



Rodrigo Costoya Misarela

Despois de *Portosanto*, o autor (Torrelavega, 1977) segue desvelando os segredos ocultos da historia de Galicia e mergúllanos nun dos misterios máis esgazadores do final da Idade Media. Xa só as tempestades visitan os cumios do pequeno eremitorio da Misarela, ao que chega un perigoso cargamento que foxe dun destino trágico. Desde ese intre, a paz dos cenobitas vira en convulsa e incerta. Xa nada lles será alleo. Aveníanse novos tempos. É a fin dunha Era. Chega a invención do artilluxio máis revolucionario da Historia. Tamén o descubrimento dun novo mundo, alén do mar océano. Mesmo a opción máis desesperada pode servirlle ao custodio dos libros para salvar o seu legado ancestral. Para estender a luz sobre as tebras. Cambiar o mundo para sempre. Porque alí onde queimen libros, rematarán por queimar persoas.

Galaxia Rústica 13,5 × 21 cm 1076 páxinas

ISBN: 978-84-9151-760-3

20,85 €




Llerena Perozo Porteiro Pérez. Historia dun triunfo

Primeira novela da autora (Vigo, 1974), activista ecofeminista que traballou ata hai un tempo nos eidos profesionais da cultura (producción audiovisual e editorial), o medio ambiente e a igualdade, temas aos que dedicou dous libros de divulgación. Agora, sen afastarse nunca do sentido do humor, apelando sempre á falibilidade humana e á empatía, condúcenos nun relato áxil a través de vidas entrecruzadas. Un home de pro, machista militante e con éxito social, unha esposa sometida, unha nai rebelde, dúas migrantes vítimas do mundo da prostitución, outras dúas mulleres procedentes do rural abocadas ao servizo e unha moza urbana que conta coas ferramentas para revolucionar o mundo, dan forma a esta historia de supervivencias. Cada unha das protagonistas, e todas xuntas, vanlle dar un novo sentido ao concepto do triunfo. Daquela, estamos tamén ante unha historia de xustiza poética, de rebelión, de esperanza.

Galaxia Rústica 13,5 × 21 cm 188 páxinas

ISBN: 978-84-9151-755-9

16,62 €




Josiño Araújo Pérez Memorias dun exgalego

Personificación do autoodio, o protagonista non deixa lugar a dúbidas cando inicia a súa autobiografía dicindo: "Comecei a odiar a miña familia o día en que nacín". Anxo despreza as súas orixes, a súa terra e a súa clase social. Oda a súa deforme nai, o seu fracasado pai, o seu beato irmán, a súa rancorosa avoa e o seu inútil único amigo. Oda o cheiro da súa vila mariñeira, oda os seus veciños pailáns e oda a súa lingua. Cre que a vida lle ten preparado algo mellor que a mediocridade que o rodea, que a súa beleza e o seu intelecto merecen algo máis, polo que o seu único obxectivo é marchar e romper para sempre cos vínculos que o atan ao lugar e as persoas que o viron nacer. Ninguén o deterá no seu camiño ao "éxito". Atención ao inesquecible final.

Laiovento Rústica 14 × 21 cm 294 páxinas

ISBN: 978-84-8487-549-9

20,85 €




Xosé Neira Vilas Camiño bretemoso

Publicada por primeira vez en 1967 e agora na colección Biblioteca Neira Vilas, protagonízaa un vello emigrante que vai facendo relato do seu traxecto vital perante un interlocutor que non intervéñ, mais que serve para darlle ao monólogo máis vivacidade e dramatismo. A vida non é igual para todos, tampouco a maneira de contala. A novela dun mestre na arte de narrar. Xosé Neira Vilas (Gres, 1928-2015) foi membro numerario da Real Academia Galega e doutor Honoris Causa polas universidades da Coruña e da Habana e autor dunha extensa obra literaria.

Galaxia Rústica 13,5 × 21 cm 144 páxinas

ISBN: 978-84-9151-751-1

13 €




Xosé Neira Vilas Remuíño de sombras

Despois da historia dun home na emigración que é *Camiño bretemoso*, o autor ofrécenos a novela da emigración no seu conxunto, a imaxe colectiva da comunidade galega de Buenos Aires, "composta cunha técnica de parqué", en palabras de Basilio Losada. Vidas cuns camiños que se encerellan, lembranzas comúns, xenreiras, incomprensións, anhelos –o de volver ou o de non volver–, homes apodrecidos na riqueza ou temperados na adversidade, todo un mundo sinfonicamente reflectido, amorfo, sen heroes cumpridos e escintilantes.

Galaxia Rústica 13,5 × 21 cm 126 páxinas

ISBN: 978-84-9151-752-8

12 €




Xosé de Cea En terra rara

"Terras raras. O nome é curioso, verdade? Tan raras son que nin Deus escoltou falar delas. Pero máis raro é que, sen ter escoitado falar delas, todo Deus as utiliza dunha maneira ou doutra. Se tedes un teléfono móbil, unha tableta, un ordenador portátil ou calquera aparello que leve unha batería recargable, entón formades parte da familia das terras raras. Por iso están doentes por mercarnos todo e poñerse a escavar mañá mesmo se os deixan. Por iso eu estou en folga de fame".

Medula Rústica 14 × 21 cm 138 páxinas

ISBN: 978-84-124509-6-5

14,90 €




Xosé María Santín Amo Oxímoro

En *Oxímoro* preséntasenos unha contraposición entre a luminosidade xerada nun rapaz que a través do xogo descobre o mundo, sen máis pretensións có paseniño devagar do pedaleo da súa vella bicicleta, e a escuridade coa que unha cadea de asasinatos tingue o Concello de Melide, que se presenta ante nós como un enorme museo que require da súa urxente posta en valor.

Toxosoutos Rústica 13 × 20 cm 196 páxinas

ISBN: 978-84-123922-7-2

15 €



Nones Araújo Imaxes roubadas

Relatos inspirados por obras de arte imprescindibles, e que, a través delas e da palabra, conducen ao encontro co desamor, co abandono, co desprezo ao talento feminino, coas arelas das nais solteiras e das persoas diferentes... As segundas oportunidades, que inzan de esperanza os amores serodios, e os individuos impresentables, convertidos en boas persoas por arte da maxia e da tolerancia, tamén forman parte deste fermoso catálogo literario. A escritora confía na capacidade da literatura para abrir portas cando a liberdade é roubada e se impón a desigualdade.

Xerais Rústica 15,5 x 23 cm 176 páxinas

ISBN: 978-84-1110-068-7

17,05 €




Antía Yáñez Non penses nun elefante rosa

Aurora é nova, independente, ten traballo, amigas, vive soa na cidade, le novelas eróticas, sae cando quere e déitase con quen lle praxe. Todo sería perfecto... se non fose porque na súa existencia case nada vai como debería. A súa vida cambalea, a súa parella abandonouna, foxe das súas amigas para non ter que dar explicacións e prefere manterse afastada da familia. Un día, por casualidade, Aurora coñece a Brais, un neno de dez anos, curioso, impertinente, con pinta de superdotado pero de familia desestruturada, do que non é quen de librarse. Cun extraordinario sentido do humor e abordando a fondo o tema da saúde mental.

Xerais Rústica 15,5 x 23 cm 304 páxinas

ISBN: 978-84-1110-069-4

17,57 €



Manuel Iglesias Turnes Os soños de Miguel


As transformacións no mundo rural galego na década dos anos setenta do pasado século e a historia de Miguel, un mozo orfo de nai criada polos avós baixo unha disciplina férrea baseada na autoridade propia da ditadura franquista, son o pano de fondo do relato. Despois dun misterioso accidente sufrido polo pai, Miguel vese na obriga de levar o peso do traballo que se fai na casa duns bos labradores como son os de Branco. Con todo, el nunca deixa de soñar cun proxecto de vida que lle permita habitar a aldea dignamente. Nin o desengano amoroso, nin o tráxico acontecemento que lle cambia a vida conseguirán afastalo do camiño. Son os anos en que Galicia pasaba do autoconsumo a figurar entre as zonas máis importantes de Europa en produción de leite.

Xerais Rústica 15,5 x 23 cm 264 páxinas

ISBN: 978-84-1110-049-6

18,50 €

Teatro




Antón Villar Ponte Tríptico teatral

En 1928, a Editorial Nós inaugurou a súa colección Teatro Galego con esta obra, que reunía as pezas: "A patria do labrego" (1905), "Almas mortas" (1922) e "Entre dous abismos" (estreada en 1920), e que o mesmo autor cualificaba como "documentos", o que xustificaba a súa publicación pola vontade de amosar a evolución do teatro galego nos últimos anos a través da súa pluma. Porque Villar Ponte sempre considerou o teatro coa dobre función de espallar o ideario das Irmandades da Fala e como experimentación estética desde onde modernizar a cultura galega.

Galaxia Rústica 13,5 x 21 cm 178 páxinas

ISBN: 978-84-9151-742-9

16 €




William Shakespeare Soño dunha noite de verán

A *Midsummer Night's Dream* publicouse por primeira vez en 1600. Antes desta primeira impresión xa aparece citada, xunto con outras obras de Shakespeare, no libro de Francis Meres, *Palladia Tamis*, de 1598. Probablemente foi escrita e estreada arredor de 1595. Na portada da primeira edición di expresamente que a obra foi representada publicamente repetidas veces. En 1619 apareceu unha segunda edición, falsamente datada en 1600, que corrixe erros da primeira, pero introduce outros; en conxunto, o texto da primeira é o máis fiable e autorizado.

UDC Rústica 17 x 24 cm 264 páxinas

ISBN: 978-84-9749-788-6

19 €




Calros Solla Varela Crónica da Galiza bizarra

Son 125 microhistorias de rara caste, misteriosas e sorprendentes, que ao longo de 120 anos contan con brevidade un feixe de cousas tamén misteriosas e sorprendentes, fabulosas e extraordinarias en sentido amplo, co nexo común de teren aparecido publicadas na frutuosa prensa galega de aquí e alén mar, upadas na peña da primeira plana ou desapercibidas nun recuncho da páxina par. Neste volume ordénanse, dende o ano 1848 até o ano 1968, unha centena longa de textos xornalísticos, devindos por decantación en relatos breves; contos cativos hibridados de impactante veracidade, arroubadora mitoloxía e final aberto; o suceso elevado ao exponente do prodixio. O autor, nado en Pontevedra en 1971, é profesor de lingua, etnógrafo e escritor.

Morgante Rústica 14,8 x 21 cm 304 páxinas

ISBN: 978-84-19040-01-5

19 €




Raymond Carver Queres facer o favor de calar, por favor?

Nado en Oregón en 1938 e morto en Washington aos cincuenta anos, o autor é considerado como o revitalizador do relato breve do seu país grazas ao seu primeiro libro de contos escrito ao longo de quince anos. Os seus protagonistas son xente común, cos seus dramas triviais, as súas traxedias diarias e as súas anécdotas, que trazan un retrato icónico dos Estados Unidos. A súa escrita caracterízase por un estilo minimalista e por basearse en personaxes da clase traballadora. Foi un dos fundadores do "realismo sucio", movemento literario sen concesións metafóricas e cun estilo sinxelo. Entre as súas obras máis coñecidas atópanse tamén *Cathedral* e *What We Talk About When We Talk About Love*.

Rinoceronte Rústica 13,5 x 21,5 cm 258 páxinas

ISBN: 978-84-17388-69-0

18,95 €




Annie Vivanti Circe

Os estudosos consideran a Annie Vivanti Chartres a inventora do best-seller italiano, caracterizado por un estilo rápido, fluído e suxectivo. Ela distínguese no panorama da literatura feminina dos principios do século XX por ir alén dos territorios reservados ás mulleres escritoras: o amor, o romance, a familia e os argumentos "rosas". Así, con esta obra quixo ir máis aló da novela rosa, e os feitos narrados son reais: demostra aos seus lectores que é unha escritora informada e que tamén formou parte da historia, colocándonos quizais ante un caso de ficción autobiográfica, unha expresión dos feitos subxectiva e creativa, onde a verdade se somerxe na ficción. Nada en Londres en 1866 nunha rica familia de orixes xudías, a autora medrou entre Italia, Suíza, Inglaterra e os Estados Unidos.

Rinoceronte Rústica 14,5 x 22 cm 246 páxinas

ISBN: 978-84-17388-73-7

19 €




Joseph Roth A lenda do santo bebedor

Publicada por primeira vez en 1939, meses logo da morte do autor en París, onde vivía exiliado, "A lenda do santo bebedor" está considerada o testamento literario de quen foi un dos narradores centroeuropeos máis admirados do século XX. André Kartak, orixinario como Roth das provincias orientais do Imperio austro-húngaro, atopa un enigmático home traxeado que lle ofrece douscentos francos coa única condición de que no futuro llos entregue en doazón ao cura dunha capela. Dende entón a súa vida será un continuo achegarse e perderse no camiño –entre vellos amigos, antigas amantes e borracheiras– para cumprir o seu imposible compromiso. Non hai afán didactista na novela; simplemente se trata de gozar da lectura, das idas e das voltas deste entrañable vagabundo.

Kalandraka Rústica 13,5 x 20,5 cm 88 páxinas

ISBN: 978-84-16721-96-2

13 €



Maria Edgeworth Leonora

Publicada en 1805, esta novela mestura a espionaxe, a intriga política e o nacionalismo. A idea de escribir Leonora xurdiu tras a viaxe de Edgeworth a París, onde asistiu a moitas reunións nas que se debatían temas controvertidos, como o divorcio ou a liberdade sexual feminina. Segundo a autora, Leonora era "un volume de cartas cos personaxes dunha esposa amábel, unha heroína sentimental que se dá moitos aires, coma as das últimas novelas parisienses, e unha anciá que moraliza sobre as maneiras femininas e as consecuencias dos principios sobre os que actúan tales heroínas." Tradución do inglés, introdución e notas de Carmen María Fernández Rodríguez.

Rinoceronte Rústica 14,5 x 22 cm 274 páxinas

ISBN 978-84-17388-67-6

19,95 €




Katherine Mansfield Festa no xardín

Katherine Mansfield (Wellington, 1888-Fontainebleau, Francia, 1923) é a autora neocelandesa máis internacional. O conto que dá título ao libro é unha descrición da vida británica que relata como durante os preparativos da festa dos Sheridan, Laura, a filla menor, sabe da morte dun veciño, un carreiteiro apelidado Scott. A rapaza dá por sentado que a súa nai anulará a festa como mostra de respecto, pero equivócase. Nestes relatos atopamos nenos que miran sen comprender o mundo dos maiores, personaxes que non acaban de atopar o seu lugar no mundo e familias que vagan perdidas cargando co seu medo a vivir. Pola súa sutileza poética, a escritora é considerada un referente da literatura modernista en lingua inglesa e foi comparada con Chékhov e os realistas rusos.

Rinoceronte Rústica 13,5 x 21,5 cm 270 páxinas

ISBN: 978-84-17388-72-0

17,10 €



Myriam Goluboff e Felipe Peña Ciudades imposibles


"Ya nunca podremos volver a nuestros hábitos anteriores. Si lo hacemos, la nube nos envolverá y tendremos que encerrarnos otra vez. Pero la vida quiere continuar y otra vez comienzan a circular coches por las calles, trenes sobre los rieles, y podemos ver aviones que parten y llegan a los aeropuertos como si nada hubiera ocurrido. El año próximo, cuando paren los vientos, la pesadilla volverá a comenzar..." En castelán.

Medulia Rústica 14 x 21 cm 56 páxinas

ISBN: 978-84-124509-8-9

11,90 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



François Mauriac

Thérèse Desqueyroux

Thérèse Desqueyroux, publicada orixinalmente en 1927, é a obra máis celebrada de François Mauriac, escritor distinguido co Nobel de Literatura en 1952 que converteu os conceptos de culpa, compromiso e xustiza en piares do seu labor. Thérèse, orfa de nai e criada sen afecto por un pai centrado nas súas ambicións, tenta envelenar o seu home, Bernard, un pequeno burgués das Landes afincado na tradición, de carácter meliflúo e obtuso. Porén, a fin de minimizar o escándalo, Bernard declara en favor da esposa. A familia será o cárcere de Thérèse, obrigada a sacrificar a súa felicidade individual en prol do convencionalismo social. É unha obra ambigua, complexa e dunha gran riqueza literaria. Traducido do francés por Xavier Senín.

Hugin e Munin Rústica 13,5 x 20 cm 136 páxinas

ISBN: 978-84-123933-4-7

15 €



Georgios Viziinos

As consecuencias da vella historia

Novela que aborda, dende unha perspectiva até certo punto romántica, os desequilibrios que unha paixón amorosa insatisfeita pode provocar no espírito. Trata así mesmo cuestións relativas á confusión de identidades e ao desdoblamento da realidade, e pon de relevo o destacado papel da cultura alemá na formación da intelectualidade do Estado grego independizado do Imperio Otomán en 1830. En vida do autor, non recibiu nin a atención nin o recoñecemento que si lle chegarían anos despois, un feito en parte motivado pola defensa activa feita por Georgios Viziinos da variante idiomática de corte purista coñecida como *katharévousa*, que perdeu a batalla contra a popular, o grego demótico. Traducido do grego por Alfonso Blanco.

Hugin e Munin Rústica 13,5 x 20 cm 100 páxinas

ISBN: 978-84-123933-3-0

14 €



Italo Svevo

A historia do bondadoso vello e da fermosa moza


Crendo chegada a súa derradeira oportunidade para gozar do amor, un adifeirado vello, con todas as contradicións e manías que lle corresponden por idade e por clase social, e que amais se lucra coas desgrazas derivadas da Primeira Guerra Mundial, aventúrase na sedución dunha fermosa moza tras coñecela no tranvía de Trieste. O relato salienta pola utilización de técnicas narrativas do que se entende por escritura moderna, pola inclusión constante de frases sintéticas e memorables e por unha prosa decantada con esmero, con toques de ironía e un humor cruento no retrato da situación. Traducido por Isabel Soto.

Hugin e Munin Rústica 13,5 x 20 cm 88 páxinas

ISBN: 978-84-122593-8-4

12 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



Mich Beyer

Unha volta polo inferno


Alén das súas virtudes como obra literaria, a publicación desta novela supón un fito en canto que se trata da primeira obra narrativa contemporánea en tradución directa do bretón ao galego. De aí a escolla: Mich Beyer, unha escritora multipremiada no sistema literario de orixe e unha peza recente e representativa do seu extenso labor novelístico. A obra contén os elementos habituais na escrita da autora: a inserción de misivas e entradas de diario, o papel protagonista de mulleres lesbianas na mediana idade, a utilización de varias voces narrativas, a creación de perfís psicolóxicos complexos, ou a revelación gradual de segredos como fórmula para acentuar o suspense. Traducido do bretón por Robert Neal Baxter.

Hugin e Munin Rústica 13,5 x 20 cm 136 páxinas

ISBN: 978-84-123933-1-6

12 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



John Ames Mitchell

O derradeiro americano

Novela curta de corte satírico ambientada nun futuro afastado, decadente e, até certo punto, postapocalíptico. Publicouse en 1889 na revista *Scribner's* e, en 1893, o autor quixo reeditala en volume exento e con algúns cambios. O almirante persa Khan-li narra, a través dunha serie de entradas de diario, as aventuras á fronte dunha expedición que suca as augas do Atlántico rumbo ao descoñecido. Isto acontece nun mundo devastado polas catástrofes climáticas que resiste a duras penas tras o colapso tecnolóxico global e onde de moitos pobos non restan senón os refugallo, infirmos vestixios de civilizacións pasadas. Traducido do inglés por Iago Nicolás Ballesteros.

Hugin e Munin Rústica 13,5 x 20 cm 76 páxinas

ISBN: 978-84-123933-0-9

9 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



Jacques-Antoine Dulaure

O regreso do meu pobre tío

Publicada en 1784 está inspirada nas primeiras experiencias de voo aerostático. Este divertimento adoita clasificarse como unha mostra da literatura excéntrica, pola súa temática, arredor dunha viaxe á Lúa; e pola súa estrutura, en vista do desdoblamento da voz narrativa e a presenza constante de digresións. Neste sentido, os lectores asisten a unha dobre perspectiva dos feitos: a que outorga o relato do protagonista da viaxe no corpo do texto, e a dos comentarios do sobriño, presentes nas notas a pé de páxina, testemuña e asemade editor do acontecido. Traducido do francés por Isabel Soto.

Hugin e Munin Rústica 13,5 x 20 cm 68 páxinas


ISBN: 978-84-123933-2-3

8 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €

XIV PREMIO INTERNACIONAL
COMPOSTELA DE ÁLBUM
ILUSTRADO

↑3



Marina Gibert

Selva

A través das imaxes, sen palabras, narra o divertido paseo dun neno por unha paraxe de exuberante vexetación que enche a totalidade de cada dobre páxina. Unha metáfora da vida na que nada resulta ser o que parece nunha suxestiva proposta para participar da aventura e da fantasía.

Kalandraka Cartonado 22 x 28 cm 40 páxinas

ISBN: 978-84-1343-110-9

15 €


En castelán:

Selva

ISBN: 978-84-1343-111-6



↑4



Ylla

Dous osiños

Publicado en Nova York en 1954, este álbum foi un éxito mundial na idade dourada dos libros ilustrados con fotografías. Dous cachorros saen do tobo e xogan ansiosos por descubrir o que hai fóra, ata que se decatan de que están perdidos e piden axuda a outros animais. A autora, Camilla Koffler (Viena, 1911-India, 1955) foi unha das principais fotógrafas de animais da época. A tradución é de Xosé Ballesteros.

Kalandraka Cartonado 22 x 28 cm
40 páxinas

ISBN: 978-84-1343-115-4

15,20 €

En castelán:

Dos ositos

ISBN: 978-84-1343-116-1

Medra a colección Do berce á lúa

A colección Do berce á lúa de Kalandraka medra con dous novos títulos. Son libros de colorido intenso, gran sinxeleza e forza musical. Cada un é un poema completo construído sobre a base dunha estrutura poética de cancionero infantil.


Kalandraka Cartonado 16 x 16 cm 18 páxinas

8,50 € cada libro

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



↓3



Antonio Rubio e Óscar Villán

Xoguetes

Obxectos utilizados polas nenas e os nenos para o seu desenvolvemento sensorial, psicomotriz e intelectual, a socialización e o entretemento.


ISBN: 978-84-1343-085-0

En castelán:

Juguetes

ISBN: 978-84-1343-086-7

↓3



Viaxes

Os protagonistas, de distintas idades e culturas, desprázanse en medios de locomoción individuais e colectivos.

ISBN: 978-84-1343-083-6

En castelán:

Viajes

ISBN: 978-84-1343-084-3



Laura Suárez

Monte Pindo


Historias e lendas do Olimpo celta

O Monte Pindo é coñecido como o Olimpo Sagrado dos Celtas pola gran cantidade de lendas e historias que o rodean. Foi fogar de mouros e meigas, escenario de rituais e acubillo de castelos medievais, dos que hoxe só quedan as ruínas. Pero onde está a tumba da raíña Lupa? Como facían as bruxas os seus rituais? Tendo o pedregal como nexo, este libro achega lendas, historias e segredos agachados nun dos montes máis máxicos de toda Galicia. Tamén unha pequena explicación da formación das rochas do Monte Pindo.

Galaxia Cartonado 29,7 x 21 cm 64 páxinas

ISBN: 978-84-9151-757-3

19,95 €



Xosé Lueiro


O ladrón de paraugas

Fazulas, o gato persa de dona Adelaide, quere saber de que cor é o vento. Para descubri-lo, emprenderá unha fantástica viaxe, colido á empuñadura dun paraugas, na que, o moi sabichón, dará cumprida resposta ao misterio. As ilustracións son de Sara Valcárcel.

Galaxia Cartonado
24 x 21 cm 32 páxinas

ISBN: 978-84-9151-759-7

15,20 €



O Viravai

A miña lingua, a túa lingua

A cabra Lu

Primeira entrega da cabra Lu. Unha nova protagonista que vai ensinar o necesario para comezar a falar en inglés, nunha clase moi divertida, con Paio, Aurelio e moita música. Ilustracións de David Ouro.

Galaxia Cartonado
24 x 21 cm 24 páxinas

ISBN: 978-84-9151-773-3

15,20 €

VV AA

Minilibros imperdibles 6

Caixa que contén sete libros en miniatura: *O conto do outro día*, *Atrapamiradas*, *Chofer de sandías*, *Ratos na escola*, *Paxaros*, *Amora* e *Un fantasma con asma*.

Kalandraka Rústica
7 x 7 cm 10 páxinas

ISBN: 978-84-1343-106-2

10 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €

En castelán:

Minilibros imperdibles 6

ISBN: 978-84-1343-107-9



A ratíña presumida

Texto de BATA a partir da versión de José A. López Parreño para achegar a lectura a nenos e nenas no espectro do autismo valéndose de pictogramas. Adaptouse reducindo as palabras con carga alegórica, as metáforas e restando abstracción á linguaxe. Traducido por Iago Nicolás e ilustrado por Alicia Suárez.

Kalandraka Cartonado
22 x 22 cm 40 páxinas

ISBN: 978-84-1343-113-0

13 €



Jorge Campos

Capitán lentella

Dende o planeta Lentellón, Lalo e Rufino, dous valentes viaxeiros espaciais, queren dar a volta ao universo. A súa primeira parada é a Terra, onde atoparán aventuras, amigos e unha malvada mosca que está a facer das súas agochada baixo a superficie. Como poderán vencela? Parece que o único xeito é despertando o gran poder que todo lentellón leva dentro.

Xerais Rústica 17 x 24 cm 64 páxinas

ISBN: 978-84-1110-044-1

12,50 €



Leire Bilbao

Poemas bestas e outros bechos

Os protagonistas dos poemas son criaturas que habitan na terra, na auga e no aire. Versos adaptados polo tradutor Isaac Xubín con simpáticas rimas e ritmos pegadizos que destacan pola súa musicalidade. A diversión e o sentido lúdico da poesía impregnan as páxinas do libro. Ilustrado por Maite Mutuberria.

Kalandraka Cartonado 15 x 23,5 cm 72 páxinas

ISBN: 978-84-1343-104-8

14 €

En castelán:

Bestiapoemas y otros bichos

ISBN: 978-84-1343-105-5

Andrea Barreira Freije



↑8

Desmontando o corpo, construíndo a ciencia


As xemelgas Fernández de la Vega

Un libro de divulgación científica que axuda a descubrir como funciona o corpo, da man das xemelgas Elisa e Jimena Fernández de la Vega, as primeira doutoras que estudaron na Universidade de Santiago sen ocultar que eran mulleres. Elas contribuíron a debuxar o mapa do corpo humano. Andrea Barreira Freije, (A Fonsagrada, 1986) é Licenciada en xornalismo e escritora de xénero fantástico. Con ilustracións de Aynara Pereiro

Baía Rústica
15 x 19 cm 48 páxinas

ISBN: 978-84-9995-368-7

15 €



↑7

Seán Virgo

A nai sombra

Adaptación de varias lendas da cultura *selkie*, vencellada a criaturas mitolóxicas acuáticas con raizame en Irlanda, Escocia, Islandia e as Illas Feroe. O protagonista deste texto poético, enamorado dunha misteriosa moza que coñecera onda o mar, toma a súa sombra para evitar que esta o abandone. Pasado o tempo o fillo de ambos descubrirá un antigo cofre que pertencera ao seu pai cando era navegante. Ilustracións de Javier Serrano e tradución de Martín Veiga.

Kalandraka Cartonado 16 x 24 cm 64 páxinas

ISBN: 978-84-1343-100-0

15 €

En castelán:

Madre sombra

ISBN: 978-84-1343-101-7



↑8

Åsa Lind

Zackarina e o lobo de Area

Este libro culmina a triloxía protagonizada por unha nena curiosa e inconformista e o seu sabio e inseparable amigo, logo da publicación de *O lobo de Area* e *As historias do lobo de Area*. Unha saga creada para seguir o crecemento de Zackarina a través de valiosas leccións vitais –a amizade, o medo, a morte– sempre ao carón de Lobo de Area, que a escoita e comprende. Con ilustracións de María Elina Méndez e tradución de Antón Lado.

Kalandraka Cartonado 15 x 23,5 cm 120 páxinas

ISBN: 978-84-1343-096-6



16 €

En castelán:

Zackarina y el Lobo de Arena

ISBN 978-84-1343-097-3

Pere Tobaruela



Formig4s Misión Rosalía

FORMOS4, FORX4N, FORNEL4 e FORM4IL son os catro integrantes dos FORMIG4S, unha brigada especial que vai ata calquera recuncho do mundo para esclarecer os casos máis enigmáticos e complicados. En *Misión Rosalía* os Formig4s son alertados de que a obra da célebre poeta se está a esvaecer. Para investigar este estraño suceso han viaxar no tempo ata o século XIX por Compostela e a súa contorna. Alí vivirán unha trepidante aventura para salvagardar o legado e a propia vida de Rosalía de Castro. As ilustracións son de Andrés Meixide.

Xerais Cartonado
14 x 21 cm 112 páxinas
ISBN: 978-84-1110-043-4
12,95 €

Títulos anteriores:

Formig4s. Misión Camiño de Santiago

Xerais Cartonado
14 x 21 cm 112 páxinas

ISBN: 978-84-9121-504-2
12,85 €

Formig4s. Misión Tokyo

Xerais Cartonado
14 x 21 cm 112 páxinas

ISBN: 978-84-9121-209-6
12,85 €

Formig4s. Misión Barcelona

Xerais Cartonado
14 x 21 cm 112 páxinas

ISBN: 978-84-9914-942-4
12,85 €

Formig4s. Misión Nova York

Xerais Cartonado
14 x 21 cm 112 páxinas

ISBN: 978-84-9914-732-1
12,85 €

Formig4s. Misión París

Xerais Cartonado
14 x 21 cm 112 páxinas

ISBN: 978-84-9914-731-4
12,85 €



Yolanda Castaño Paleta Planeta

Yolanda Castaño e Xosé Tomás volven xuntar os versos e a paleta de cores para crear un libro con rimas que fala de emocións, de lugares e dos sentidos, en microhistorias para espertar a imaxinación.

Baía Cartonado 24 x 17,5 cm 34 páxinas

ISBN: 978-84-9995-380-9

16,34 €



Xosé Neira Vilas De cando o Suso foi carteiro


"Xesús, querido irmán: Ti, que me relevaches no trasfego de lle dar ó zoco, coa carteira ó lombo, polos camiños de Candañedo, Merza e Señorín de Bascuas, ben mereces estas páxinas. De certa maneira es, ou fuches, o Suso neno. Recíbeas, pois, como un sinxelo agasallo de palabras, que te levarán á nosa primeira andaina. Pepe". Con ilustracións de Kristina Sabaite.

Galaxia Rústica
13 x 20 cm 80 páxinas

ISBN: 978-84-9151-753-5

11 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



Antonio García Teijeiro No xardín do poeta

As páxinas deste libro son a porta de entrada a un xardín de versos onde o autor, Antonio García Teijeiro, dialoga coa poesía do gran Federico García Lorca. Nese xardín marabilloso que é a obra de Lorca agroman estes poemas de formas varias e medidas diversas; poemas musicais, rítmicos, cheos de luz, lúdicos, críticos, brillantes e sobre todo vitais, pois son froito da conversa íntima entre dous poetas que aman a vida.

Xerais Rústica
13,50 x 19 cm 88 páxinas

ISBN: 978-84-9121-963-7

13,95 €



Jordi Sierra i Fabra

Berta Mir detective

O caso do martelo branco

Berta Mir, preocupada por conseguir a súa parte dos cartos para financiar a produción do primeiro disco do grupo, e por coidar do seu pai prostrado na cama como un vexetal, volve con dous novos casos, aparentemente sinxelos: buscar os pais biolóxicos dunha rapaza de 12 anos e seguir un rapaz de 11 que é acosado por dous compañeiros do colexio. Sinxelos, en aparencia. Pero todo se complica, coma sempre, e Berta vese envolta nun asunto de drogas e guerra entre bandas que a poñerá en perigo, e do que terá que saír con enxeño e habilidade, á vez que loitar por non implicarse emocionalmente nas investigacións, que sempre lle descubren algo novo da natureza humana. A tradución é de Xesús Domínguez Dono.

Galaxia Rústica 13,5 x 21 cm 306 páxinas

ISBN: 978-84-9151-764-1

15,60 €



Sara Vila Alonso


Oito días sen Eva Cortes

A desaparición dunha rapaza en Pontevedra sacode a cidade mentres a prensa local comeza a furgar na súa vida familiar e nas relacións persoais. Moitos prexuízos sociais pesan sobre Eva Cortes: ser muller, pertencer a unha familia humilde e frecuentar aplicacións de contactos. Na redacción do *Correo de Pontevedra* non desperdician ningunha información morbosa, aínda que Antía Ubeira non estudase xornalismo para facer dun suceso tan trágico unha noticia sensacionalista. O seu xefe só pensa en vender xornais, mentres ela se enfronta cada día aos seus principios. O diario de Eva Cortes, as novas do suceso no xornal e a visión de Antía son as tres voces que narran esta novela trepidante. Sara Vila (As Neves, 1989) é licenciada en Xornalismo pola Universidade de Santiago de Compostela. Como autora acadou en 2016 o primeiro premio no Certame Literario Viadutos de Redondela polo relato "Adeus, María". Traballa como xornalista en Pontevedra dende 2012. Neste eido foi recoñecida co segundo premio Comunicar en Igualdade 2019 polo artigo "O noso toque de queda".

Galaxia Rústica 13,5 x 21 cm 196 páxinas

ISBN: 978-84-9151-765-8

15,20 €



Ignacio Vidal Portabales


Sangue no dron

Na Cidade das Campás, nun mundo distópico, Lan é un mozo orfo que desexa e manexa os seus drons CL4. Mal vive no Subterráneo grazas á venda de datos informáticos que consegue conectándose ás redes da Ditadura Privilexia Bélica. Coñece a Chia, adicta ao Centroprazol, unha droga perigosa, e ambos os dous cooperan na loita ata que a fortuna abandona a moza nun lance cos inimigos. Namorado da rapaza, para axudala Lan participa nun concurso organizado pola Ditadura. Alí coincide con Artur e mais con Belisa, e os tres baixarán ao campo de xogo e enfrontaranse ás triades, formacións de combate compostas por drons XP9. Competirán, en desvantaxe, contra a triade dos Licaóns e terán que destruír todos os tótems para vencela. Lan necesitará os seus coñecementos de cetería no momento da batalla final, e os tres amigos descubrirán que no concurso hai un lado escuro...

Xerais Rústica 13 x 21 cm 152 páxinas

ISBN: 978-84-1110-048-9

12,50 €



Manuel Rivas

A nena lectora

Entre finais do século XIX e comezos do XX a cidade da Coruña foi faro do pensamento libertario en Galicia. Os ateneos e as bibliotecas de barrio eran a porta de acceso á cultura das clases populares, a solidariedade obreira floreceu. A lectura dentro das fábricas é o símbolo poderoso deste movemento de esperanza que se viu truncado a partir de 1936. *A nena lectora* é o segundo título da colección Pequena Memoria, para recuperar as voces silenciadas da historia. Ilustrado por Susana Suniaga.

Xerais Cartonado 19,5 x 26,6 cm 40 páxinas

ISBN: 978-84-1110-001-4

15,75 €

Marián Martínez Izquierdo e Luisa Martínez Lorenzo Que teñen que ver as vacas co cambio climático?



"Neste libro (...) explicase como funciona o Planeta e por que os arroto e os peidos das vacas contribúen ao cambio climático. Vai ser un libro catastrofista deses nos que todo o que coñecemos vai desaparecer, imos morrer chamuscados e non hai solución? Ben, falamos das consecuencias do fenómeno pero tamén damos instrucións sobre como activar o SUPERPODER para frear o cambio climático. E quen ten ese SUPERPODER? Pois todas as persoas que consumimos".

Hércules Cartonado 40 páxinas


ISBN: 978-84-18966-08-8

15,20 €

En castelán:

¿Qué tienen que ver las vacas con el cambio climático?

ISBN: 978-84-18966-07-1



Lucy Maud Montgomery

Anne, a de Tellas Verdes

Matthew e Marilla Cuthbert son dous irmáns que viven en Avonlea na Illa do Príncipe Eduardo de Canadá. Ao necesitar axuda na súa granxa, Tellas Verdes, solicitan adoptar a un neno dun orfanato. Por erro, unha nena roiba e penceda de once anos chamada Anne Shirley é enviada cos irmáns. Mentres que Matthew acolle instantaneamente a Anne, Marilla non está segura de quedar con ela. Traducida por Raquel Senra Ferrer.

Hércules Rústica 14 x 21 cm 288 páxinas

ISBN: 978-84-18966-13-2

15 €

Florencio Delgado Gurriarán

Publícanse xa as primeiras obras que queren achegarnos a vida e a obra de Florencio Delgado Gurriarán (1903-1987) abrindo camiño para a celebración do Día Das Letras Galegas que a Real Academia Galega decidiu dedicarlle no ano 2022 que comeza. Destacado poeta, tamén articulista, crítico literario, coordinador editorial, lexicógrafo, tradutor, corrector...




Florencio Delgado Gurriarán Obra poética

Esta rigorosa edición da súa obra poética, que recompila toda a produción lírica coñecida do autor valdeorrés, estivo ao coidado do profesor e crítico Xosé Ramón Pena, que leva a termo unha ampla e minuciosa análise da obra de Delgado Gurriarán, así como da fixación dos textos. Este volume inclúe *Bebedeira* (1934), *Galicia infinda* (1963), *Cantareñas* (1981) e *O sono do guieiro* (1986), así como un monilo de textos aparecidos en publicacións periódicas que confirman un autor que non só continúa o ronsel iniciado por Amado Carballo, senón que presenta variados estilos e temáticas.

Xerais Cartonado
14,5 x 22 cm 440 páxinas

ISBN: 978-84-1110-060-1

18,95 €



Miro Villar Florencio Delgado Gurriarán

Vida e obra dun poeta no exilio mexicano


Un libro divulgativo, unha obra de urxencia sobre a vida e a obra de Florencio Delgado Gurriarán, o autor das Letras Galegas 2022, que ofrece a posibilidade de achegámonos á súa figura e labor desde este momento e de comezar a traballar o tema nos centros escolares cunha guía fiable. A súa foi unha traxectoria marcada polo compromiso antifranquista e republicano. Unha biografía ao servizo do galeguismo desde o exilio mexicano.

Xerais Cartonado
13 x 20 cm 80 páxinas

ISBN: 978-84-1110-047-2

9,95 €

Á venda só en pedido por importe conxunto superior a 12 €



Héctor Cajaraville Florencio Delgado Gurriarán


Polos vieiros da saudade

Obra de carácter xuvenil, dános a coñecer o autor valdeorrés que, coma moitos outros intelectuais galeguistas, viuse obrigado a coller o camiño do exilio en México tras o golpe de estado de 1936. Alí levou a cabo un intenso labor cultural. Algúns dos proxectos que encabezou tomaron forma de publicación periódica, como as revistas *Saudade* e *Vieiros*. Nunha época en que a cultura galega se desenvolveu con máis vigor fóra ca dentro das súas fronteiras naturais, persoeiros como el desempeñaron un papel fundamental para a súa supervivencia.

Xerais Cartonado
13,5 x 19 cm 96 páxinas

ISBN: 978-84-1110-045-8

12,50 €



Lucía Gómez Álvarez

Florencio Manuel Delgado Gurriarán

Un legado infindo

Publicado na colección "Lectura Fácil" que naceu coa idea de que todo o mundo poida ler. Válese de pictogramas que axudan a entender as historias e os poemas. A vida de Florencio Manuel Delgado Gurriarán, a quen se dedica o Día das Letras 2022, ao alcance de todas e de todos. Con ilustracións da autora.

Galaxia Rústica
21 x 24 cm 36 páxinas

ISBN: 978-84-9151-745-0

15,20 €

Mario Caneiro Túnel de vento


Unha educación sentimental e moral construída a retallos e vida para poñela a proba. Túnel de vento é o título deste primeiro poemario de Mario Caneiro: versos que poderían ser as follas soltas dun diario espallado polo vento e recomposto con agarimo, pezas dun crebacabezas emocional necesariamente incompleto pero revelador.

Barbantesa Rústica
14 x 20,5 cm 76 páxinas

ISBN: 978-84-945501-4-0

12 €

Á venda só en pedido por importe conxunto superior a 12 €



PREMIO DE
POESÍA JOHAN
CARBALLEIRA

Á VENDA EN
FEBREIRO

Xandra Táboas Martínez e Adrián Mosqueira Paços


Dou aulas de ioga por videoconferencia

Proposta poética na cal os autores constrúen un diálogo fresco e diferente que explora, en clave irónica, o noso tempo e o carácter deshumanizado da sociedade actual. Utilizan para o seu propósito unha perspectiva experimental e iconoclasta.

Xerais Rústica
14,5 x 22 cm 72 páxinas

ISBN: 978-84-1110-070-0

12,50 €



Ruth Oliveira A timidez das copas


A timidez das copas é un fenómeno biolóxico que consiste nun distanciamento das árbores na súa cúspide e que inspira este poemario. As follas máis altas deteñen o crecemento para non tocarse coas das copas adxacentes. O espazo resultante debuxa unha sorte de aberturas que permiten a entrada de luz no bosque. É así posible a fotosíntese. A poesía percorre os carreiros do ceo a través do desexo, a procura, a incerteza. A maternidade cóase no torrente das fendas, ancora na frondosidade para crear unha natureza inventada. Afastarse do estalido da realidade. Un lugar ao abeiro do bosque no que experimentar o vínculo desde o soso e o silencio.

Laiovento Rústica
14 x 21 cm 52 páxinas

ISBN: 978-84-8487-551-2

10 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €




Daniel Asorey Vidal Negras

A morte é un proxecto político, asegura a cita de Lupe Gómez que abre as páxinas deste libro. Nestes versos penetrantes escóitase como disparan ás negras detrás dos supermercados e como prenden lume á lingua que avivece a gheada. A cor escura das vítimas hase enfrontar á violencia que o capital exerce sobre elas, pobres, perdedoras, cheirentas, miserables. Son, todas, negras. Negras no agravio; negras na pel; negras na indefensión; negras na lingua; negras na rabia; negras desde o río Ulla ata Ohio ou o Lago Erie. Se cadra, a forza da súa rebelión está na herdanza silenciosa da lingua escura dos grillóns.

Xerais Rústica
14,5 x 22 cm 80 páxinas

ISBN: 978-84-1110-051-9

12,95 €



César Souto A herdade


O autor, xornalista e poeta noiés (1975), tra neste libro da herdanza e de xeracións en nome da xustiza, porque toda pretensión de xustiza –como sostíña J. Derrida– require consideración cara a eses outros que xa non son. Ao faceren seu ese propósito, os versos revíranse contra si mesmos. Constatan que “non abunda o que espella en van / o enfeite que apenas é pompa que non calla”. Contra o que se fai pasar por natureza pero é historia, invocan a posibilidade outra de que os actos sucedan. Apelan, con desasosiego e fervor, a unha nacemento súbita, a unha creba inesperada que permita fuxir cara ao comezo.

Galaxia Rústica
16 x 22 cm 84 páxinas

ISBN: 978-84-9151-770-2

11,85 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



Charo Valcárcel Mato Cando os bosques sintan frío


“Cada verso deste libro é un intre intenso que deixa unha pegada, un rastro, unha configuración, a formación dunha identidade porque o libro é a suma ordenada dunha vida na que hai un inventario de perdas, mais tamén un canto emocionado á amizade, ao tempo ou á familia, con versos que soben da infancia, que adxectivan o silencio, que son un mergullo para os sentidos, que nos levan cara ao azul esperanza, o eterno azul, o azul dos soños e dos días.” Do prólogo de Antón Riveiro Coello.

Medulia Rústica
14 x 21 cm 70 páxinas

ISBN: 978-84-124509-9-6

11,90 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



Carlos Méndez Míguez Sendeiros perdidos


“Abéiraste na emoción dos pasos. Logo dun inmenso viero, fas unha parada e, mentres se collen folgos, reflexións. Entón séntese a auténtica compañía do camiño. Dende o xa andado ao que fia por vir”.

Toxosoutos Rústica
13 x 20 cm 54 páxinas

ISBN: 978-84-124226-6-5

11 €

Á venda só en pedido por importe conxunto superior a 12 €



Carlos Callón A abertura da boca

No Antigo Exipto existiu un ritual relixioso que recibiu o nome de “abertura da boca”, uep-rá. Con el, conseguíase que unha momia recuperase as funcións de alimentarse, comer, beber, respirar e ollar, ou ben que unha estatua cobrase vida. Carlos Callón convoca esta metáfora para se debuzar sobre unha “certa estadia nun certo inferno” e levarnos canda el polos lindes inmapeábeis dunha dor que non quere ser destruída.

Galaxia Rústica
ISBN: 978-84-9151-748-1

10,75 €

Á venda só en pedido por importe conxunto superior a 12 €



Millán Picouto O macrocosmos

Compilación nun volume de toda a creación poética e dramática en galego do autor ourensán, unha obra de tirada limitada e que supón o cumio da actividade creadora deste poeta e dramaturgo. A súa saída ao prelo coincide coa publicación doutro volume xemelo co mesmo contido adaptado ao castelán.


Linteo Cartonado
18,5 x 26 cm 1.242 páxinas

ISBN: 978-84-123801-1-8

37,90 €

En castelán:
El macrocosmos.
Dramas y poemas

ISBN: 978-84-123801-0-1




Manuel Pereira Valcárcel Tomas falsas

Homenaxe á memoria cinematográfica que emprega termos desta arte como pretexto para reflexionar sobre a decepción, a falsidade e a mentira. Fala de escenas “que precisamos desbotar, porque se corresponden con lugares e momentos leves”. Tomas falsas son poemas de Manuel Pereira Valcárcel e ilustracións de Ana Cristina Lapiedra Argachal belixerantes contra o artificio melódico e o play back emocional.

Medulia Rústica
14 x 21 cm 112 páxinas

ISBN: 978-84-124173-1-9

14,90 €



Xesús Afonso Parada Jato Ecoando nas valgadas

Este poeta e pintor courelao, que naceu coma Alexandre Magno, tras unha noite de lóstregos e treboadas. Xesús Afonso Parada é un amante da música e liberdade que lle proporciona a poesía e da beleza calada dos cumes do seu Courel natal, que é, dende o 2021, Reserva da Biosfera da UNESCO e que plasma nesta nova antoloxía, baseada en feitos reais e nas vivencias do autor.

Toxosoutos Rústica
13 x 20 cm 61 páxinas

ISBN: 978-84-124226-3-4

13 €



Isabel Ríos Lazcano


Testemuño da Guerra Civil

Relato íntimo dunha vida de compromiso cos demais. Por momentos parece a transcripción dun relato oral feito pola autora (Curtis, 1907-Madrid, 1977), pero os seus netos lembran o ruído da vella máquina de escribir na casa tras a súa volta a Madrid. Despois de fuxir de golpes militares en España, na Arxentina e Chile, Isabel deixa constancia no seu libro das tres grandes traizóns que marcaron a súa vida: a dos militares que derrocaron a República española, a dos Aliados que non interviñeron contra Franco tras a Segunda Guerra Mundial, e a que para ela supuxo a transición á democracia tras a morte de Franco. Á súa expulsión do PCE non lle dá máis importancia que á da vinganza duns dirixentes mediocres e burocratizados. Isabel morreu botando en falta Galicia e convencida de que, de volver nacer, faría o mesmo.

Galaxia Rústica 13,5 x 21 cm 374 páxinas

ISBN: 978-84-9151-763-4

23,75 €



Óscar Díaz Fouces

Estrategas, diplomatas e espíes


O galeguismo en Barcelona (1936-1939)

Em 17 de julho de 1936 despoletou na República española uma sublevação fascista, comandada pelo general Francisco Franco, que tentou dar cabo de um período de alargamento de liberdades que o país encetou apenas cinco anos antes. O golpe de Estado começou nas colónias españolas do norte da África e logo passou para o território peninsular. A Galiza foi um dos primeiros espaços em ser controlados pelos rebeldes, seguindo-se à ocupação uma sanhuda repressão, que cobrou um tributo terrível em vidas ceifadas e projetos murchados.

Medulia Rústica 14 x 21 cm 348 páxinas

ISBN: 978-84-124509-5-8

17 €



Santiago Rodríguez Salinas


Illote P barraca 16

O autor (Madrid, 1917-Redondela, 1985) estudou na Escola de Artes e Oficios de Madrid e ingresou na Fronte do Exército Popular, co que participou nas batallas de Teruel e do Ebro. En febreiro de 1939 pasou a Francia e entrou nos campos de concentración. Ao seu regreso a España foi ingresado nun campo de concentración en Reus, nun batallón disciplinario, e durante dous anos e medio estivo nos de Punta Carnero (Alxeciras) e Cerro Muriano (Córdoba), para logo realizar seis meses de servizo militar obrigatorio en Canarias. Á súa finalización instalouse en Redondela coa súa nai, Antonia Rodríguez Salinas, profesora republicana que foi represaliada, e que coidou do seu compañeiro, Alberto Marín Alcalde, preso na illa de San Simón. Rodríguez Salinas achéganos á vida neses campos de concentración, onde a súa longa estadia lle permitiu coñecer e vivir os feitos que se narran, todos reais.

Galaxia Rústica 13,5 x 21 cm 184 páxinas

ISBN: 978-84-9151-747-4

20,33 €



VV AA

Á volta do tempo


Estudos de Historia Contemporánea

Un recoñecemento de profesores que presentaron no seu día teses de doutoramento dirixidas por Ramón Villares. Desde a transición da ditadura á democracia, o da súa xeración, "co seu maxisterio Villares liberou a explicación do pasado das servidumes políticas para interpretar o presente coas chaves do historiador con conciencia cívica". En edición de Aurora Artiaga Rego, Xesús L. Balboa López, Lourenzo Fernández Prieto e Eduard Rico Boquete.

Xerais Rústica 14,5 x 22 cm 384 páxinas

ISBN: 978-84-9121-983-5

19,95 €



Raquel C. Pico


Noticias da modernidade

Na Galicia dos anos 20 asistimos a unha revolución das mulleres: cortan o pelo, fuman e bailan charleston!, e os medios galegos non poden parar de falar de todo iso. "A muller dos nosos días é inquieta e dinámica", asegura unha crónica. "Farei golf, pintareime, non me prohibirás, querido, que saia no meu Chevrolet sen o cravo do marido", promete a protagonista dun poema. Ademais, as mulleres do momento estudan, traballan e son vistas con certa incompreensión polos señores da súa época.

Galaxia Rústica 14 x 21 cm 170 páxinas

ISBN: 978-84-9151-743-6

16,15 €



Xosé Manuel Sánchez Rei

O portugués esquecido


O galego e os dialectos portugueses setentrionais

Durante séculos, a oralidade popular das rexións setentrionais de Portugal conservou trazos fonéticos, gramaticais e lexicais que corresponden, na actualidade, a características diferenciadoras do galego a respecto do padrón lusitano. Os gramáticos, lexicógrafos e tratadistas da metrópole lisboeta combaterónas enerxicamente, mais nalgúns casos conseguiron sobrevivir. Este estudo aprofunda neses elementos lingüísticos considerados hoxe marcadamente galegos.

Laivento Rústica 14 x 21 cm 618 páxinas

ISBN: 978-84-8487-537-6

37,95 €



Xosé Manuel Sarille
Fernández


A nova presenza do BNG

A nova presenza do BNG é un ensaio provocador e reflexivo. Con vontade crítica e razóns solventes, as páxinas deste volume reúnen un feixe de datos que pretenden dar unha mirada diferente, a de quen leva moitos anos observando a realidade social e política galega. Tras esa visión política, dúas potentes achegas estruturais que ocupan a metade da obra.

Medulia Rústica 14 x 21 cm 130 páxinas

ISBN: 978-84-123646-7-5

14,90 €



PREMIO MARTA MATA DE PEDAGOGÍA 2020


Vicente Blanco e Salvador Cidrás Debuxar o mundo

Artistas plásticos e profesores da área de Expresión Plástica na Facultade de Formación de Profesorado de Lugo (USC), os autores examinan a práctica artística e educativa do debuxo. O libro recolle as propostas froito da súa investigación artística levadas a cabo con nenos e nenas de infantil e primaria en colaboración con escolas, familias e colectivos interesados en metodoloxías activas. Agrúpanse en catro apartados: volver debuxar (pensadas para que as persoas adultas que traballan coa infancia recuperen o debuxo), contar debuxando (experiencias onde conviven palabras e imaxes), xogar debuxando (o debuxo a través do xogo) e concienciar debuxando (debuxo activista). Todas elas comparten como características o incidir na idea de proceso (descubrir formas de facer abertas que non buscan un único resultado); experimentar con diferentes materiais, técnicas e linguaxes artísticas; favorecer a creación dun imaxinario e estilo persoal apartándose de respostas estereotipadas; e educar o sentido estético.

Galaxia Rústica 17 x 24 cm 172 páxinas

ISBN: 978-84-9151-767-2

15,67 €



Xosé Ramón Branco Buxán Acoso e demolición do sistema público de ensino

Este ensaio identifica no sistema educativo unha serie de subxectividade e de arquitecturas organizativas que forman parte da cultura neoliberal hexemónica en Occidente. Os procesos de privatización e individualización que se fundamentan na estigmatización, segregación e degradación do ensino público representan un perigo e un desafío para o cumprimento dos obxectivos ideais de ben público, de balde e de acceso universal. As mudanzas das formas estruturais tradicionais cara a outras en rede, de subcontratas ou de tipo trevo, camiñan cara a formas privatizadoras en todos os seus niveis. A presenza da Covid-19 acelerou os procesos desencadeados polo plan Boloña mediante a implantación intensiva das TIC, que envoltas polo mito da neutralidade representan para Boaventura de Sousa Santos novos desafíos "como por exemplo a dixitalización do coñecemento, do ensino e da aprendizaxe".

Laiovento Rústica 14 x 21 cm 276 páxinas

ISBN: 978-84-8487-553-6

17,97 €




Luísa Villalta O outro lado da música, a poesía

Foi publicado por primeira vez a finais dos anos noventa abeirado polo contexto da escrita poética e ensaística declaradamente musicais da súa autora, e cualificado no seu día como un convite a nos abismar "polos camiños da metáfora e das semifusas", conscientes de que "poucos ensaios hai tan acertados sobre a música e a poesía" (Lino Braxe). Neste douto e orixinal ensaio lévase a cabo unha relectura da historia da poesía galega procurando nesta a presenza substantiva da música, dende a Idade Media ata as Irmandades da Fala e a época Nós.

Galaxia Rústica 13,5 x 21 cm 192 páxinas

ISBN: 978-84-9151-750-4

19,71 €




Xesús Alonso Montero Dicionario da nova literatura galega (86 voces responden un inquérito, 1969)

Este dicionario comezou a fraguarse a finais da década dos anos sesenta do pasado século a través dunha enquisa que o autor distribuíu entre as persoas do mundo literario galego que non tiñan obra publicada antes do ano 1936. Oitenta e seis persoas responderon aquelas preguntas que permiten coñecer multitude de datos biográficos e, ao tempo, deseñan as preocupacións e expectativas dun tempo moi concreto da historia literaria e cultural.

Xerais Rústica 14,5 x 22 cm 258 páxinas

ISBN: 978-84-9121-978-1

16,79 €




Santiago Gómez Tato Obra reunida

Os relatos de *De la tierra meiga* (1924), de *Céltiga* (1924) e mais as narracións soltas que acaso integrasen o volume inédito *Enxebre* (1924-28) ambiéntanse nos concellos de Cerdedo (Pontevredra) e Santa Comba (A Coruña) ou nunha utopía rural tecida con fios de ambas as dúas madeixas vitais. Nos textos de Gómez Tato apréciase unha celebración nostálgica da natureza e da paisaxe, do carácter da xente rural e dos costumes e tradicións, en contraste coa crítica acerba do caciquismo, bosquexado como un obsceno aqellarre de personaxes grotescos. Introducción e notas de Calros Solla.

Morganite Rústica 13,5 x 21,5 cm 270 páxinas

ISBN: 978-84-19040-00

17,10 €




Florentino López Alonso-Cuevillas Prosas galegas

Segundo Carballo Calero, esta obra caracterízase pola súa seguridade, equilibrio retórico e transparente sinceridade e claridade. Nela compilanse os textos máis exaltadores da realidade e dos valores galegos, introducíndose na paisaxe, nas aldeas e na tradición, ademais doutros dedicados á reflexión crítica sobre a sociedade do seu tempo. Achéganos tamén perfís biográficos de personaxes como Curros, Lamas Carvajal, Otero e Castela, así como traballos de investigación sobre prehistoria, mitoloxía e etnografía.

Galaxia Rústica 13,5 x 21 cm 180 páxinas

ISBN: 978-84-9151-739-9

15,20 €




Antonio Noriega Varela Do ermo

Achéganos á vida dos labregos en diálogo coa natureza para rescatar a esencia máis pura desta. A súa primeira parte, "Montañas", segue unha liña costumista centrada na montaña. Na segunda, "Do ermo", aproxímanse ao intimismo máis puro arredor da erma soidade da paisaxe, onde recrea as cousas máis pequenas e humildes (a flor dun toxo, o fio dunha arañeira...), na chamada "poesía franciscana", con influencias da literatura portuguesa (Teixeira de Pascoaes, Guerra Junqueiro, Antero de Quental) e dos clásicos, ademais de achegarse á poesía satírica, social e popular.

Galaxia Rústica 13,5 x 21 cm 206 páxinas

ISBN: 978-84-9151-740-5

15,20 €




Paulo González Ogando Bocados matemáticos

Unha mirada adestrada consegue identificar elementos xeométricos, numéricos, lóxicos ou estatísticos ao seu arredor en multitude de situacións. Desde a forma do balón de fútbol ata o número que nos asignaron no noso DNI, nestas páxinas explícanse exemplos variados de aplicacións das matemáticas. Algunha delas é ben insospeitada e incluso pode producir abraio. A ciencia leva a formular preguntas porque sen preguntas non hai respostas. O autor, profesor de secundaria que imparte clases de matemáticas en Bueu, nesta obra dá respostas, fomenta a curiosidade e persegue que se perda do medo a facer uso das matemáticas. No seu blog <http://compaseregra.blogspot.com> leva compartidas máis de duacentas construcións dinámicas elaboradas seguindo as normas clásicas da xeometría con regra e compás.

Xerais Rústica 13 x 20 cm 136 páxinas

ISBN: 978-84-1110-046-5

14,50 €




Manuel Rey Pan e Eduardo Rolland Etchevers Pioneiras da ciencia en Galicia

Ser muller sempre foi unha dificultade para entrar en sectores que aínda a día de hoxe están moi masculinizados, como o da investigación científica. Este libro aborda o papel xogado polas pioneiras da ciencia no noso país, a súa epopea para ser tomadas en serio nese mundo de homes en tempos, incluso, en que se dubidaba da capacidade intelectual das mulleres para poder entender as máis básicas. No camiño que aínda queda para chegar á igualdade tamén no eido científico, as mulleres que aparecen neste libro resultaron esenciais. Investigadoras, teóricas, estudosas... todas puxeron as bases para que hoxe unha investigadora non sexa unha rareza dentro dun laboratorio. Os autores son xornalistas. Rey Pan traballou en varias etapas en La Voz de Galicia e é redactor no portal Gcienia, medio fundado por Roland Etchevers, escritor e guionista que traballou en Faro de Vigo, A Nosa Terra e La Voz de Galicia.

Galaxia Rústica 17 x 24 cm páxinas

ISBN: 978-84-9151-772-6

19 €



Henrique Monteagudo O idioma galego baixo o franquismo


Da resistencia á normalización

Nesta obra, o autor —profesor da Universidade de Santiago, membro da Real Academia Galega e director da revista Grial— dá continuidade ao traballo que comezou coa *Historia social da lingua galega*, e ofrece unha aproximación de conxunto ao período franquista. Nela analízase a política lingüística represiva exercida pola ditadura, consistente na imposición coactiva do castelán e na marxinalización sistemática do galego, e aténdese ás dinámicas sociais que abocaron a un proceso de substitución masiva do galego. O seu foco sitúase na resistencia político-cultural galeguista, nomeadamente, na súa estratexia dirixida a constituir un sistema cultural autónomo, co idioma como o seu elemento definidor. Analízanse os avances conseguidos no estudo, cultivo e elaboración do galego e os debates públicos que se desenvolveron ao redor destas cuestións.

Galaxia Rústica 17 x 24 cm páxinas

ISBN: 978-84-9151-771-9

28,50 €



Andrés Olivares Guillem Las priscilianistas

Ao longo das súas páxinas vaíse debullando canto se coñece das mulleres que seguiron o bispo Prisciliano e como o antipriscilianismo foi construíndo unha imaxe pexorativa das sororidades priscilianistas coa que pretendía relativizar a importancia que tivo a muller neste movemento así como silenciar a orixe aristocrática de moitas delas. En castelán.

Toxosoutos Rústica
15 x 21 cm 609 páxinas

ISBN: 978-84-123922-3-4

23,75 €



María Alonso Migrantas


A nova diáspora galega contada por mulleres

Un libro de conversas coas mulleres que marcharon forzadas por unha crise, ou crises, que intenta romper coa idea patriarcal da emigración galega. Os testemuños abordan temas relacionados cos sentimentos de pertenza e de desarraigamento, a idea de fogar, o concepto de tránsito ou o do regreso imposible. Son historias dispares condicionadas por variadas causas: de superación e de frustración, en moitos casos, que quedarán como memoria oral dunha época.

Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 191 páxinas

ISBN: 978-84-9151-732-0

17,05 €




Roxane Gay Mala feminista

Cando a autora se autodenominou —ironicamente— “mala feminista”, recoñecía que non podía cumprir cos requisitos de perfección do movemento feminista. Aquí ofrece un conxunto de ensaios acedos sobre ese movemento e unha aguda e divertida reflexión sobre como a forma en que consumimos a cultura nos converte no que somos, sempre con ton autocrítico e consciente do papel da muller —así como da súa relación cos homes e coas demais mulleres— nos nosos días, a través da súa propia experiencia e das dinámicas políticas e culturais recentes.

Hércules Rústica
14 x 21 cm 328 páxinas

ISBN: 978-84-18966-10-1

18,52 €



Xavier R. Madriñán A figuración galega de Irlanda (1840-1936)

Dende hai case dous séculos Irlanda foi para o galeguismo un dos principais referentes simbólicos de Galicia e modelo de inspiración. O emparellamento deliñou unha representación dos dous suxeitos como nacións irmás e tamén unha natureza coxuntural e maleable á comenencia. Xavier R. Madriñán analiza ese tránsito, nesta obra que subtitula “De imaxe especular a modelo frustrado”.

Laiovento Rústica
14 x 21 cm 900 páxinas

ISBN: 978-84-8487-539-0

42,70 €



Fernando Franjo

Memorias do café Derby (1929-2020)

Acompañada con 130 fotografías e numerosos documentos de época, esta obra ofrece a historia máis íntima dun establecemento centenario de Compostela, o Derby, ademais deses testemuños de varias xeracións que foron protagonistas dos seus inesquecibles faladoiros. Estas son as memorias dun café, a alma dun establecemento que foi todo un emblema para a cidade e para Galicia. Partindo dunha documentación previa moi escasa, o autor reconstrúe, grazas á achega de arquivos familiares e coleccións particulares, a historia dun local que abriu as portas, na actual Praza de Galicia, en 1929, e que pecharía como Café en 2020. Estas páxinas son unha homenaxe, en primeiro lugar, ás persoas que mantiveron en pé o Derby: Avelino San Luís, Ramón Barca, Manuel Domínguez e Victoria Domínguez. Son tamén un convite a nos sentar de novo na mesa e escoitar a Valle-Inclán, Álvaro Cunqueiro, Ramón Piñeiro ou Carlos Casares.

Alvarellos Rústica 20 x 19 cm 192 páxinas

ISBN: 978-84-18567-13-1

22,80 €



Xosé Nogueira (Coord.)

Lume na periferia

Para unha historia do cinema en lingua galega

Balance acerca do acontecido na nosa cinematografía ao longo desta última década coa pretensión non tanto de historiar o cinema galego dos últimos anos como propor unha serie de reflexións de carácter poliédrico desenvolvidas por autores que combinan diversas disciplinas, de maneira que poidan resultar complementarias ás xa existentes. Unha rica mallá de entrecruzamentos que mesmo rebordará a estrita denominación de Novo Cinema Galego tentando espallarse cara a outras propostas e prácticas. Asemade, a enorme mutación propiciada polos soportes e canles dixitais comportou felizmente a transformación das posibilidades de creación e difusión e mais a irrupción da ollada propia ou –mellor– dun heteroxéneo e rico conxunto de miradas, ben que en último termo vencelladas entre si por unha serie de trazos comúns. Unhas miradas que rebordaron de vez as fronteiras do noso país e que demostraron que definitivamente prendeu o lume na periferia.

Galaxia Rústica 13,5 x 21 cm 280 páxinas

ISBN: 978-84-9151-766-5

19 €



Octavio Beares

A historia do cómic en Galicia

Este libro é, a dicir de David Rubín, unha perfecta radiografía do pasado, o presente e o futuro da nosa BD, unha ferramenta que sementa luz onde había tebras, brindando un relato xusto, cristalino e detallado da historia do cómic galego." O autor, nado en Oviedo, é licenciado en Xeografía e Historia na especialidade de Historia da Arte e diplomado en Conservación e Restauración de Bens Culturais. E esta obra, en palabras doutra das grandes referencias da BD galega, Miguelanxo Prado, pon de manifesto como "a banda deseñada galega acadou nestes primeiros vinte anos do século XXI a masa crítica en cantidade e calidade, e o desenvolvemento temporal abondos para poder analízala con perspectiva e amplitude. Esta obra de Octavio Beares cumpre exhaustivamente estes obxectivos e resulta imprescindible para comprender a evolución e o presente da BD galega."

Galaxia Rústica 24 x 21 cm 128 páxinas

ISBN: 978-84-9151-758-0

19,95 €



Xoán Rubia


Pasaba por alí, e quedei un intre

Considerado un dos nomes máis importantes da música galega e autor de longa traxectoria, é unha das voces de referencia dende finais dos anos sesenta. Neste libro, e da súa propia man, repásase unha vida dedicada a poñer voz, en lingua galega, a temas que todos coñecemos e temos cantado algunha vez. Unha pintura, tamén, dunha época apaixonante no noso país. A historia de alguén que pasaba por aquí e decidiu, para a nosa sorte, quedar.

Galaxia Rústica
24 x 20,5 cm 168 páxinas

ISBN: 978-84-9151-761-0

21,85 €



Francisco López Barxas


Querido Paco Barxas

Selección da correspondencia que o escritor e periodista Paco López-Barxas e o artista surrealista portugués Artur Cruzeiro Seixas –unha das figuras decisivas do surrealismo portugués de posguerra– mantiveron ao longo dos últimos vinte anos.

Medulia Rústica
14 x 23 cm 294 páxinas

ISBN: 978-84-124509-4-1

18,90€



Pablo de la Fuente de Pablo

Tu Regere Imperio Fluctus Hispanie Memento

Reimpresión dunha obra que analiza as achegas estranxeiras á construción naval do século XVIII e que mereceu o premio Virgen del Carmen 2020 do Ministerio de Defensa. Di o autor que é, ante todo, froito da análise dun importante volume de fontes primarias non só nos catro grandes arquivos españois (Simancas, Histórico Nacional, Indias e Corona de Aragón), senón tamén do Reino Unido, Francia e Malta. En castelán.

UDC Rústica
17 x 24 cm 306 páxinas

ISBN: 978-84-9749-749-7

19 €



Abián Mosquera-Fernández e Benigno Monteagudo Sánchez (Ed.)

Patología cutánea del pie



Procura dar resposta á necesidade actual dun libro en dermatoloxía específica do pé. É un compendio centrado nas manifestacións clínicas e a actitude terapéutica a seguir. Achega ademais abondosa iconografía inédita que axuda a unha maior comprensión do diagnóstico das diferentes patoloxías para poder levar a cabo o tratamento máis eficaz. En castelán.

UDC Rústica
17 x 24 cm 280 páxinas

ISBN: 978-84-9749-748-0

28,50 €

Lídia Jorge



O Jardim sem Limites

Espaços reconhecíveis de Lisboa, como a zona da Baixa e alguns bairros centrais da capital, acolhem esta obra


em que uma romancista instalada numa antiga hospedaria da capital portuguesa observa a vida dos restantes moradores –jovens que vivem em bando, enredados nas malhas do desejo de independência e sede de protagonismo–, sendo a figura central Leonardo, o homem-estátua que quer quebrar recordes de quietude, aquele a quem todos os outros admiram e procuram seguir no seu exemplo de superação e resistência. Romance de matriz urbana, fala-nos sobre jovens do nosso tempo, heróis sem pátria, filhos sem família, mártires sem Deus. Na verdade, a Casa da Arara, essa espécie de antro de experimentação de viver que o grupo habita, acabará por ser o palco onde a metáfora da dispersão acontece. Mas este livro não se limita a colocar em ação os caminhos do desencontro. As longas performances de Leonardo, imóvel na Rua Augusta, na tentativa de bater o record da imobilidade e entrar para o Guinness, são acompanhadas de momentos de grande humor e observação aguda de hábitos e costumes.

Dom Quixote Capa mole 15,5 x 23,5 cm 448 páginas

ISBN: 978-972-20-7396-7

21,90 €

Foto: Luis da Cruz



Roberto Afonso


(As) Contas com Almas Penadas e Diabos, Bruxas e Maus Olhados

Dos antigos vieram estas histórias que tantas vezes foram contadas e recontadas. Em tempos idos, quando luzes eram avistadas durante a noite, barulhos assustadores irrompiam, soalhos rangiam, portas se abriam, fantasmas e espíritos pareciam habitar nas casas, lobisomens deambulavam, demónios encarnavam em pessoas ou animais, bruxas voavam ou almas penadas se passeavam, as gentes contavam contos e acrescentavam pontos. Estas páginas são feitas dos muitos dos relatos que esse povo contava, recorrendo aos fenómenos sobrenaturais para explicar o que parecia não ter explicação. Narrativas sem espaço concreto, comuns a muitas geografias.

Oficina do Livro Capa mole
15,5 x 23,5 cm 136 páginas

ISBN: 978-989-66-1294-8

13,90 €



Gabriella Saab

O Último Xequemate

Maria Florkowska, detida em Auschwitz, é poupada enquanto a sua família é enviada para a morte porque, apercebendo-se da sua capacidade de jogar xadrez, o sádico delegado do campo, Karl Fritzsich, decide usá-la como adversária para entreter os guardas. Com o apoio da amizade de um padre católico, Maria tenta ultrapassar a sua dor, jura vingar o homicídio da sua família, e joga pela sua vida. Durante quatro anos sombrios e esgotantes, a sua estratégia é simples: Viver. Lutar. Sobreviver. Ao provocar de forma inteligente a natureza volátil de Fritzsich à frente dos seus superiores, Maria tenta orquestrar a sua queda.

Casa das Letras Capa mole
15,5 x 23,5 cm 480 páginas

ISBN: 978-989-66-1290-0

20,90 €



William Lindsay Gresham


Beco das Almas Perdidas

Um dos grandes clássicos do noir americano da década de 1940, agora adaptado ao cinema por Guillermo del Toro. Obra-prima com capacidade de traduzir literalmente as sombras da Grande Depressão, começa com a descrição de um tragabichos –alcoólico e abjecto, alvo do deleitado nojo e escárnio da multidão voyeurista– durante a sua atuação numa feira de província. O jovem Stan Carlisle também trabalha nessa feira e pergunta a si mesmo como é que um homem pode descer tão baixo. Nunca na vida, jura ele, lhe há de acontecer tal coisa.

Dom Quixote Capa mole
15,5 x 23,5 cm 136 páginas

ISBN: 978-972-20-7410-0

19,80 €



Hans Olav Lahlum


Crime num Quarto Fechado

Num prédio em Oslo onde todos os moradores se conhecem, Harald Olesen é assassinado a tiro. A arma não é encontrada. A divisão está fechada à chave por dentro. Admirado por todos, Harald era um lendário herói da resistência a Hitler. É difícil imaginar quem terá cometido um crime tão vil. Mais complicado ainda é imaginar como terá sido executado. À medida que interroga os vizinhos, o detetive inspetor Kristiansen começa a desenrascar uma teia de mentiras sem fim coa ajuda de Patrícia Borchmann, confinada a uma cadeira de rodas, mas uma mente prodigiosa.

ASA Capa mole
14 x 21,5 cm 368 páginas

ISBN: 978-989-23-5276-3

14,90 €



Mia Couto


O Caçador de Elefantes Invisíveis

Co título de um dos contos antologiadados, recolhe as belas histórias que a revista *Visão* vem publicando mensalmente. Aproveitou a oportunidade também para lhes dar uma demão. O estilo é sóbrio e preciso, os temas são diversos, o lugar donde o autor vê o mundo e o retrata neste livro é tão amplo que nele cabe tudo. Entre a história de um velho pobre que recebe em casa um enfermeiro em serviço de rastreio da covid 19, e já no fim do livro, a conversa das estátuas que descem dos seus pedestais, o leitor encontra personagens e cenas que não lhe sairão tão cedo da memória.

Caminho Capa mole
14 x 19,5 cm 176 páginas

ISBN: 978-972-213-122-3

16,90 €



Alexandre Pinheiro Torres O Adeus às Virgens

Por que não volta Jonas Açucena ao Brasil e aos Estados Unidos onde, ainda bastante novo, se encheu de dólares? Vem de férias, em 1915, a Portugal, o tal país que o poveirinho Eça de Queirós apelidou de choldra. Mas que deusa impede Jonas de regressar? Poderá a choldra, por suas mãos, transformar-se em Eldorado? Por que não? Alguma doença estranha corromperá de morte Portugal? E que destino o leva à Póvoa de Varzim, berço de Eça, já na década de 30, a Póvoa do Café Chinês e do Guarda-Sol, da Rua dos Cafés, cenário de Las Vegas, roletas, bacará, bilhares, a batota generalizada? Que fazem por ali os anarquistas catalães refugiados? Serão eles os devoradores de virgens ou mais alguém? E quem são elas? Cecília? Maria Pureza? Lilian? Sara? Leonor? Berta? Helena? Fátima? Perguntas e mais perguntas que às vezes nem o mar responde porque o sangue de quem morre, ou de quem começa a vida, tolda em excesso as ondas erguidas sempre altas pelos músculos do vento norte.

Caminho Capa mole 15,5 x 23,5 cm 392 páginas

ISBN: 978-972-21-3135-3

20,90 €



Hermann Hesse Ele e o Outro

Friedrich Klein, um escriturário de meia-idade que desvia dinheiro ao patrão e foge para Itália, não é um criminoso comum, mas um burguês auto-alienado e atormentado, que apenas procura paz. Enquanto reflete sobre o seu destino, reconhece que a sua principal motivação foi a compulsão e o desejo de matar a mulher e os filhos, e que tal só poderá ser evitado se abandonar a sua antiga vida. Esta viagem sombria está associada ao nome de Wagner e a um professor alemão que, em 1913, assassinou a mulher e os filhos. Apesar da sua fuga, Klein não consegue ultrapassar a sua dor. Em vez de se sentir liberto, sente-se uma vítima dos seus pensamentos e pondera suicidar-se. Quando se encontra já em situação de desespero, conhece Teresina, jovem que simboliza a vitalidade mas também uma ligação com o eterno feminino.

Dom Quixote Capa mole 15,5 x 23,5 cm 112 páginas

ISBN: 978-972-20-7338-7

13,50 €




E. Lockart História de uma Fraude

Imogen é herdeira de uma fortuna, uma cozinheira talentosa e uma hábil impostora. Julie é atleta, uma lutadora e um fascinante camaleão social. Entre elas, há uma amizade intensa. Quase obsessiva. O verão que passam juntas é feito de revelações e mistérios. Mas isso foi antes... Agora, alguém desapareceu. Algo de fundamental mudou. E uma rapariga brilhante vive em segredo o seu Sonho Americano. A autora do inesquecível *Quando Éramos Mentirosos* brinda-nos agora, com um romance de suspense psicológico, a história de uma jovem que se recusa a ser quem em tempos foi.

ASA Capa mole 15,5 x 23,5 cm 304 páginas

ISBN: 978-989-23-5312-8

17 €



Manuel Alegre Tentação do Norte


História de amor e de luta política carregada de simbolismo, com a prosa poética que associamos a este escritor. Começa assim: «Sinto uma necessidade urgente de partir para o Norte. É estranho, tive, desde sempre, a tentação do Sul, uma irremediável saudade de tudo o que fica no Sul, se não mesmo no sul do Sul. Mas hoje acordei com a incontida pulsão de partir para o Norte».

Dom Quixote Capa mole 15,5 x 23,5 cm 64 páginas

ISBN: 978-972-20-7333-2

10,90 €

À venda apenas em pedido conjunto com montante superior a 12 €



Agatha Christie Morte no Nilo

A tranquilidade de um cruzeiro no Nilo acaba abruptamente com a descoberta do cadáver da jovem e linda Linnet. Hercule Poirot recorda-se de ter ouvido alguém dizer: «Receio perder a cabeça... ter vontade de matar...» Mas, ainda que tudo aponte para uma pessoa, todos os passageiros a bordo do navio tinham um motivo para odiar Linnet. É que naquele cenário exótico nada é exatamente o que parece...

ASA Capa mole 14 x 21,5 cm 272 páginas

ISBN: 978-972-41-4170-1

13,50 €




Sally Thorne Odeio-te e Amo-te

Lucy Hutton e Joshua Templeman odeiam-se de morte. Quando são forçados a trabalhar juntos, a hostilidade entre ambos atinge níveis alarmantes. Basta ver a password do computador dela, por exemplo. Ou então observá-lo após cada confronto, enquanto desenha misteriosos símbolos na agenda. Joshua é irritantemente metódico e desprovido de sentimentos. Lucy, pelo contrário, é divertida, espalhafatosa e excêntrica.

ASA Capa mole 15,5 x 23,5 cm 384 páginas

ISBN: 978-989-23-3942-9

16,90 €




William H. McNeill Pestes e Povos

Leitura obrigatória para aqueles que querem conhecer uma interpretação radicalmente nova da História mundial segundo o prisma do extraordinário impacto que as doenças podem ter nas culturas. Desde a conquista do México, tanto pela varíola como pelos espanhóis, à peste bubónica na China, passando pela epidemia de febre tifoide na Europa, ou pela SIDA na década de 1980, percebemos como a História das doenças corresponde à História da humanidade.

Casa das Letras Capa mole 15,5 x 23,5 cm 408 páginas

ISBN: 978-989-66-1244-3

22,90 €



Kim Un-Su Os Conspiradores

Ao início do livro conhecemos Reseng, um assassino em crise existencial. E aos poucos, em pinceladas precisas, aprendemos a conhecê-lo melhor. Acolhido aos quatro anos por um gangster, vive desde então numa enorme biblioteca, que é também a sede de um sindicato do crime. Ali recebe as ordens para matar. Neste instante, basta-lhe apertar o gatilho. Mas hesita. Talvez porque o sol se esteja a pôr. Ou porque a visão da sua vítima, a regar as flores do jardim, o faça hesitar. Ou talvez porque, aos 32 anos, e depois de 15 como assassino contratado, sinta um inesperado vazio. Poisa portanto a arma. O sol, entretanto, já se pôs. Reseng deita-se à espera de um novo dia. Então matará o general. Ou talvez não. Porque o velho lhe aparece de repente ao cair da noite. E convida-o para um chá.

Lúa de Papel Capa mole
15,5 x 23,5 cm 336 páginas

ISBN: 978-989-23-4613-7
18,90 €




Rachel Lynn Solomon Fala com o Ex

Shay Goldstein, produtora numa estação de rádio que está a enfrentar dificuldades e precisa de um novo conceito, tem algo original para propor: "Fala com o Ex", um programa em que um casal de ex-namorados dará conselhos sobre relações amorosas em direto. Para a sua consternação, ela e Dominic Yun – acabado de sair da prestigiada Universidade de Northwestern e o seu pior pesadelo – são os coapresentadores perfeitos, dado o quanto já se desprezam mutuamente.

ASA Capa mole
15,5 x 23,5 cm 352 páginas

ISBN: 978-989-66-1281-8
17,90 €




Rodrigo Moita de Deus Pax English A Nossa Tribo

Este é um ensaio sobre a forma como as línguas moldaram países, regiões e conflitos. E como podem voltar a fazê-lo no futuro. Se todos nós imaginamos uma tribo como tendo uma base racial, étnica, nacional ou política, devemos saber que em África tribo é a língua que falam seus membros. Existem 7102 línguas no mundo. 7102 tribos. Um terço delas pode desaparecer nas próximas décadas: isso seria bom ou mau para a humanidade? As línguas são o pilar da diversidade cultural, e a diversidade cultural é a base de todos os conflitos. As línguas dividem as tribos. Será que as línguas também podem unir as tribos? Em caso afirmativo, estaríamos a fundir-nos numa tribo global? Estaríamos a construir uma paz em inglês? Uma Pax English?

Dom Quixote Capa mole
15,5 x 23,5 cm 520 páginas

ISBN: 978-972-20-7205-2
23,20 €




Sven Lindqvist «Exterminem Todas as Bestas»

Joseph Conrad põe na boca do sinistro Kurtz no seu conhecido romance *O Coração das Trevas* a frase que dá título a esta obra. Na época em que Conrad escrevia, todo o ambiente ideológico e toda uma abundante literatura justificam o colonialismo e o racismo em nome do «progresso» e da «civilização». Uma triste lei ditaria que os povos inferiores morriam ao entrar em contacto com os povos de cultura superior; se não morriam rapidamente, era um ato de caridade encurtar o seu sofrimento. O holocausto nazi foi único na Europa. Mas, afirma o autor deste livro, Auschwitz foi a aplicação industrial moderna de uma política de extermínio sobre a qual há muito assentava o domínio europeu na América, Austrália, África e Ásia.

Caminho Capa mole
15,5 x 21 cm 264 páginas

ISBN: 978-972-21-3137-7
16,90 €




Arlindo Manuel Caldeira Mulheres Enclausuradas

Nos séculos XVI e XVII, milhares de mulheres, algumas muito jovens, dos estratos superiores da sociedade, encerraram-se ou foram encerradas para toda a vida em conventos de clausura. Muitas não sentiam particular vocação. Era por imposição dos pais, preocupados em deixar a herança nas mãos dos primogénitos masculinos, que faziam a sua entrada nos claustros.

Casa das Letras Capa mole
15,5 x 23,5 cm 464 páginas

ISBN: 978-989-66-1248-1
14,90 €




Miguel Real Pessoa & Saramago

Para o autor, «ainda que firmados em dois projetos literários diferentes, em dois tempos mentais diferentes, quase antagónicos, se não mesmo contraditórios, duas características são comuns a Pessoa e a Saramago: A total transgressão dos códigos estéticos do seu tempo, balizando um novo vinco na história da literatura; Uma representação absolutamente original da língua, do homem e da sociedade».

Dom Quixote Capa mole
15,5 x 23,5 cm 1168 páginas

ISBN: 978-972-20-7364-6
17,60 €




Fernando Namora Deuses e Demónios da Medicina

Não ficção que retrata, de uma forma romaneada, 23 dos mais relevantes médicos da História: Hipócrates; Galeno; Avicena; Paracelso; Vesálio; Ambroise; Paré; Harvey; Sydenham; Ribeiro Sanches; John Hunter; Mesmer; Jenner; Laennec; Claude Bernard; Virchow; Lister; Koch; Pavlov; Ramón y Cajal; Freud; Oswaldo Cruz; Alexandre Fleming.

Caminho Capa mole
15,5 x 23,5 cm 712 páginas

ISBN: 978-972-21-3126-1
25,90 €




Vassili Grossman Stalinegrado

Em abril de 1942, Hitler e Mussolini planeiam a enorme ofensiva na Frente Oriental que culminará na maior e mais sangrenta batalha da história. Stalinegrado é tudo o que resta entre os invasores e a vitória. Mais do que uma história sobre a crueldade da guerra, este romance reúne os grandes temas de Grossman sobre a nação e o indivíduo, o amor e a separação. Terno, épico e, acima de tudo, uma prova do poder do espírito humano.

Dom Quixote Capa mole
15,5 x 23,5 cm 784 páginas

ISBN: 978-972-20-7328-8
28,70 €



Maria João Avillez As Sete Estações da Democracia

Dois antigos primeiros-ministros, um ex-vice-primeiro ministro, dois antigos deputados europeus e o actual presidente da República: sete testemunhos decisivos para decifrar os mistérios da política. Carlos Gaspar di no prefácio que «As estações de Maria João Avillez e dos seus entrevistados, tocadas a quatro mãos, são todas de visita obrigatória e as mais interessantes são as mais impressionistas.»



Dom Quixote Capa mole
15,5 x 23,5 cm 224 páginas

ISBN: 978-972-20-7373-8
16,90 €

Castelao

Esta triloxía biográfica nace coa intención de situar a Castelao no seu contexto, na súa relación co mundo, intentando dar continuidade ao seu legado e concienciando da necesidade de loitar contra a inxustiza. Seixas Seoane deita no papel toda a súa

paixón pola busca do pormenor significativo, o seu rigor na comprobación e descuberta de aspectos ignorados ou esquecidos e o gusto por rexistrar os pasos e a obra de quen foi unha das personalidades fundamentais na construción da nación galega no século XX




Miguel Anxo Seixas Seoane Castelao

Construtor da nación Tomo III · 1940-1950

Chega o terceiro e derradeiro tomo desta monumental biografía de Castelao escrita coma se dun diario da vida cotiá do ilustre rianxeiro se tratase, combinando os fitos da súa cronoloxía persoal cos da súa traxectoria pública. Desde a obtención do permiso de residencia na Arxentina e a publicación de *Sempre en Galiza* ao seu papel como ministro do goberno da República no exilio, tamén o Castelao artista, con "A derradeira lección do mestre", e as súas viaxes a México e Nova York. Labor de toda unha vida dedicada á investigación, á recollida de datos e documentación, o autor desta crónica da vida de Castelao deita no papel a súa paixón pola busca do pormenor significativo, o seu rigor na comprobación e descuberta de aspectos ignorados ou esquecidos, o gusto por rexistrar os pasos e a obra de quen foi unha das personalidades fundamentais na construción da nación galega.


Galaxia Cartonado
15,5 x 22 cm 1.092 páxinas
ISBN: 978-84-9151-762-7
40,85 €

TÍTULOS ANTERIORES



Castelao Construtor da nación Tomo I · 1886-1930

1.336 páxinas
ISBN: 978-84-9151-318-6
42,75 €



Castelao Construtor da nación Tomo II · 1931-1939

1.500 páxinas
ISBN: 978-84-9151-476-3
43,70 €

Henrique Monteagudo Alfonso R. Castelao

A forxa dun mito

Rápido percorrido pola traxectoria vital de Castelao situándoa no seu marco histórico, cunha concisa recensión das súas obras máis significativas e o bosquejo dunha síntese das principais liñas do seu pensamento. Un traballo co que o autor quere contribuír ao reforzamento da memoria colectiva da cidadanía galega mediante a divulgación do coñecemento dunha figura central na nosa historia contemporánea en campos tan diversos como o pensamento, a política, as artes plásticas, a literatura e a defensa e ilustración do idioma. Ao tempo, ponse de vulto a súa achega fundamental á forxa de Galicia como nación, á reivindicación do seu autogoberno e dos intereses das clases populares, ao desenvolvemento da súa cultura nun paradigma de normalidade e modernidade e á configuración dun imaxinario colectivo, dunha identidade propia, amplamente partillada polo conxunto do país.

Galaxia Rústica 13,5 x 21 cm
204 páxinas
ISBN: 978-84-9151-741-2
15,20 €



Escritos políticos da época republicana Castelao



Alfonso Daniel Rodríguez Castelao

Escritos políticos da época republicana

Castelao foi un mito e símbolo non só do movemento galeguista e da memoria da Galicia republicana, senón tamén da diáspora galega e da denuncia dos andazos que aflixían o país. Recóllense neste libro os principais escritos políticos durante a época republicana (1933-1939) de quen foi activo militante do nacionalismo galego desde as Irmandades da Fala, parlamentario nas Cortes Constituíntes da II República, líder do Partido Galeguista, deputado pola Fronte Popular en febreiro de 1936, líder comprometido coa defensa da República e da autonomía de Galicia, líder da comunidade galega na Arxentina e do galeguismo exiliado, fundador do Consello de Galiza, ministro no Goberno de José Giral e referente moral e político do galeguismo no desterro ata a súa morte en Buenos Aires.

Galaxia Rústica 13,5 x 21 cm
180 páxinas
ISBN: 978-84-9151-738-2
15,20 €

Fágase socio/a de Biblos e só por 15 euros ao ano recibirá:

Unha revista bimestral

- As novidades editoriais galegas ou sobre Galicia
- Unha selección de excelentes obras de Portugal e os países lusófonos
- A mellor música galega, portuguesa, brasileira...
- O cine galego e o internacional con audio en galego ou portugués

E ademais...

- Os mellores prezos en todos os títulos
- E os gastos de envío a tan só 1€ dentro do conxunto do Estado español



Quintá N.º 8 - Mandaio
15391 Cesuras - A Coruña
Teléfono: 981 777 207 Fax: 981 790 039
subscritores@biblosclub.com
www.biblosclub.com

